

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17

SESION ORDINARIA DO 27 DE DECEMBRO DE 2016

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e sete de decembro do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez

Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENTE: Iniciamos a sesión ordinaria, Pleno do Excmo. Concello número 17, convocado para o día de hoxe ás nove, orde do día asinado o 22 de decembro que obra en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos a sesión.

PARTE RESOLUTIVA

1(204).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA (OUTUBRO) DO 7.11 E EXTRAORDINARIA DO 21.11.2016)

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria (outubro) do 7.11 e extraordinaria do 21 de novembro de 2016.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(205).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA O ANO 2017. EXPTE. 38/142 (REXISTRO PLENO 1473/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 19 de decembro de 2016, o concelleiro delegado de

Orzamentos e Facenda emite a seguinte proposta,

“O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 21 de novembro 2016, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo, para o ano 2017.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº. 223 do día 22 de novembro, comezando a súa exposición o día 23, e rematando o prazo da mesma o 15 de decembro de 2016.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta emitida pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados 39 alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2017, das que cinco propoñen baixas en aplicacións do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e altas na Entidade Local, e dúas propoñen baixas e altas no Orzamento da XMU. Todas e cada unha delas foron resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou rexeitamento das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan, dando así cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Tódalas alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, incluso naqueles casos, que a reclamación non estivese en algún dos supostos previstos no artigo 170 do TRLRFL como causas obxectivas para establecer alegacións ou reclamacións ao Orzamento.

Referenciase en cada un dos apartados que conforman esta proposta para o Pleno o número de documento do Rexistro Xeral que ten cada unha das alegacións, aínda que as mesmas forman parte do expediente, ademais, a contestación que en cada caso motiva a estimación ou desestimación, vai unida a propia alegación que leva incorporado o número de documento do Rexistro. Faise a identificación e analízase a lexitimación en cada caso de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada.

En consecuencia co anterior, emitíronse informes segundo o contido da alegación, pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria e pola Sra. Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación. En relación coas dúas alegacións presentadas ao Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo foron estudadas e contestadas pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

Tendo en conta os informes que figuran no expediente identificado como de Alegacións e emendas, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno e logo do Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO...

En consecuencia do anterior o concelleiro delegado de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Informe emitido con data 19 de decembro polo Xefe de Contabilidade:

"Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión extraordinaria celebrada o día 8 de novembro de 2016, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local para o ano 2017.

A Comisión de Orzamentos (Xestión Municipal), en xuntanza celebrada o día 9 de novembro de 2016, en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas aos Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 8 de novembro de 2016. O prazo fixado comezou o día 09/11 e rematou o día 14/11/2016.

Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 16 de novembro de 2016, aprobou a proposta sobre as alegacións presentadas.

A Comisión de Orzamentos (Xestión Municipal en sesión do 16 de novembro de 2016, ditaminou favorablemente a proposta do Orzamento para o ano 2017.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 21 de novembro 2016, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo, para o ano 2017.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº. 223 do día 22 de novembro, comezando a súa exposición o día 23, e rematando o prazo da mesma o 15 de decembro.

En cumprimento do previsto no artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC), o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención - Contabilidade.

No citado período, e consonte a certificación que se adxunta emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados 40

alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2017, das que cinco propoñen baixa en aplicacións do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, contendo empregos en gastos e programas que son xestionados pola Entidade Local.

Achéganse para informe, aquelas que solicitan cambios, anulacións, creación ou alteracións de aplicacións orzamentarias. En canto ás dúas presentadas ao Orzamento do Organismo Autónomo XMU, a emisión do informe emítese dende esta dirección orzamentaria.

Normativa de aplicación

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local .

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016.

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP , establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei

29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En relación coa lexitimación activa para formular reclamacións en vía administrativa á aprobación do orzamento, os artigos 170.1 e 22.1 do RP, prevén tres categorías de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da respectiva Entidade local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante, LRBRL).
- b) Os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade Local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC).
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC.

Á vista das reclamacións que se presentaron, que se incorporan ao expediente telemático e físico, todas cumprirían este requisito de lexitimación activa, xa que os reclamantes atópanse nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

Ademais da lexitimación activa, deben concorrer as causas. O apartado segundo do citado artigo 170 do TRLRFL, así como o mesmo apartado do artigo 22 do R.D. 500/1990, enumeran os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

- ✓ Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, ven determinado, por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio TRLRFL.
- ✓ En segundo lugar, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo. A Lei impón ás Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa “esixible”, isto é, que a mesma se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade.
- ✓ En terceiro lugar, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto. A doutrina soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas” tal e como fai referencia o precepto, de non ser así, suporía limitar as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local.

Unha vez que queda tipificada a lexitimación activa e as causas, as alegacións

que se someten a informe son as seguintes:

Alegacións presentadas

Alegación presentada por D. Carlos García-Suárez y Otero, provisto de D.N.I. número 36.040.904, co número de documento 160163268 de data 01/12/2016, en nome propio, en representación dá Comisión Artística dá Fundación Laxeiro, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Policarpo Sanz nº 15, código postal 36202, solicita incrementar a aplicación 3330.4890001, inicialmente aprobada no orzamento municipal para o exercicio 2017 para a Fundación Laxeiro ata os 80.000 euros, cantidade imprescindible para completar, xunto as achegas realizadas por empresas, particulares e outras institucións, o orzamento mínimo que permita a súa viabilidade.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado.

Visto o contido da alegación, a mesma non responde as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, será unha causa de oportunidade política a toma en consideración ou non. No entanto, a alegación formulada supón un incremento de gasto por unha contía de 40.000,00 euros, sen que se estea a propor unha redución de gasto polo mesmo importe, polo que, se se tomase en consideración, habería que reducir o gasto en outra aplicación orzamentaria polo devandito importe.

Alegación presentada polo Sr. Presidente do Comité de Personal, co número de documento 160165373 de data 07/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado.

Ao marxe da cualificación ou non dos supostos que regula o artigo 170.2 do TRLRFL, a alegación infórmase tendo en conta a contía dos empregos, para elo faise unha avaliación da mesma.

No punto primeiro solicita unha dotación na aplicación 2210.1620004, Fondo social por unha contía de ata o 1% do capítulo 1.

En relación coa mesma, este apartado suporía pasar a dotación actual de 430.000,00 euros a 646.633,37 euros, sen que se faga proposta sobre que aplicacións financiarían este incremento de gasto.

No apartado segundo, propónse o aumento das aplicacións de produtividade e gratificacións 9200.1500000 e 9200.1510000, nunha contía de 500.000,00 euros e 600.000,00 euros respectivamente.

En relación co solicitado, tendo en conta o número de postos da RPT vacantes, dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha OEP por limitacións

legais, conforman recursos para suplementar as aplicacións 9200.1400000, 9200.1430000, 9200.1500000, 9200.1510000, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento. En consecuencia co anterior, os recursos das vacantes serán axeitados e suficientes para facer fronte á solicitude. De suplementar as devanditas aplicacións de inicio, tería que ser con cargo a amortización de prazas vacantes, por estar limitada a variación do gasto do capítulo 1 ao 1%.

No punto tres, solicita aumentar a dotación da aplicación 9200.1210300, fondo de adecuación ata os 400.000,00 euros, o que suporía un incremento da citada aplicación en 180.000,00 euros, sen que se estea a propor baixas que financien o aumento do gasto.

No apartado catro, se solicita a creación das seguintes prazas:

1 praza de capataz en Vigo Zoo, o custe sería de 38.244,10 euros.

1 praza de responsable de instalacións, o custe será de 37.959,22 euros.

6 prazas de auxiliar de biblioteca, equiparación con auxiliar de arquivos, o custe sería de $30.728,4 * 6 = 184.370,40$ euros.

3 prazas de guía de museos, equiparación a un C2, o custe será de $29.589,89 * 3 = 88.769,67$ euros.

5 prazas de sarxento bombeiros, o custe $55.734,11 * 5 = 278.670,55$ euros.

1 Intendente, se cuantifica polo custe dun suboficial, 55.494,79 euros.

Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

A modificación do cadro de persoal durante a vixencia do Orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación daquel. O procedemento para modificar o cadro de persoal, requirirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, é dicir previo informe de intervención, a modificación aprobarase inicialmente polo pleno, someterase a información pública por un prazo de quince días mediante anuncio no BOP.

No caso que nos ocupa, a creación de novas prazas suporía en todo caso que se fixesen a respectiva amortización doutras, o cal suporía a modificación da plantilla, un novo acordo, publicación no BOP, exposición pública por un prazo de 15 días hábiles, o cal, paralizaría a tramitación do documento orzamentario.

Ademais do anterior, non habería recursos para financiar os empregos que se propoñen, é dicir, a tramitación da mesma xeraría un desequilibrio orzamentario, incumpriría co obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e coa Regra de Gasto.

Por último, en relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a

cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.

Achégase informe emitido pola Sra. Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación desestimando a alegación motivadamente.

Alegación presentada por D. Rubén Pérez Sueiras, DNI: 53168978Q co número de documento 160165873 de data 08/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de representante da Asociación Animalista Libera.

A súa alegación solicita a creación da partida 9240.4890013 cunha dotación de 15.000 euros para subvencionar a entidades protectoras de animais, minorando a mesma contía da aplicación 9240.4890000. Creación dunha aplicación 1710.6230019 cunha dotación de 15.000 euros para a creación de zonas de esparcemento canino, minorando o crédito das aplicacións 1710.6090000 e 1710.6190003. Creación dunha aplicación 1721.2260202 cunha dotación de 5.000 euros, para unha campaña de sensibilización sobre tenza de animais, minorando as aplicacións 1721.2260201 e 1721.2279900. Creación dunha aplicación 1721.2312001 por unha contía de 5.000 euros para o programa de xestión ética de colonias felinas, minorando crédito nas aplicacións 172.2279903 e 1721.2279904.

Na análise da alegación presentada, non se vai a entrar na avaliación técnica en relación coas aplicacións que se solicitan crear, xa que haberá que estar ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.

A alegación presentada non responde as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegacións presentadas por D. Jaime Victor Failde Albarellos DNI: 35204493A cos números de documento seguintes: 160166501, 160166505 e 160166524 de data 12/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Toledo, parroquia do Calvario.

Nos documentos 160166501, 160166505 e 160166524, formula tendo en conta o mesmo orde as seguintes alegacións:

Diminuír a aplicación 3340.4800000, CONVENIO CULTURAL COA ASOCIACIÓN DE CORALES POLIFÓNICAS DE VIGO, na contía de 3.000,00 euros e crear unha nova aplicación con 3.000,00 euros para o convenio coa CORAL RIOMAO, coa xustificación que figura na propia alegación.

Diminuír a aplicación 1650.6190000 , INVESTIMENTOS DE REPOSICIÓN , en 2.000 euros e crear unha nova aplicación pola contía de 2.000 euros, REPOSICIÓN ALUMEADO PÚBLICO PALENCIA, 38.

Diminuír a aplicación 1510.2270609, CONVENIO ARQUITECTOS DE GALICIA, en 20.000 euros e crear unha nova aplicación pola contía de 20.000 euros para a REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO DA REMODELACIÓN E MELLORA DA RÚA VALLADOLID NO CALVARIO.

Nos empregos alternativos propostos, os recursos son diminuídos de outras aplicacións, polo que a alegación non altera o gasto en termos cuantitativos.

No entanto, a minoración propónse nunha aplicación do Organismo Autónomo XMU, 1510.2270609, mentres que a creación da nova aplicación tería que ser no programa 1532 da Entidade, polo que non resultaría de aplicación,, xerando un desequilibrio nos devanditos orzamentos.

En canto á alegación que solicita un investimento concreto de reposición de alumeado, hai que informar que con cargo á aplicación 1650.6190000 , INVESTIMENTOS DE REPOSICIÓN, pode ser executada o investimento correspondente á REPOSICIÓN ALUMEADO PÚBLICO PALENCIA, 38, aínda que parece ter máis a cualificación de gasto corrente que de investimento.

A vista e despois do estudo , as alegacións presentadas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non teñen a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegación presentada por D. Marco Antonio Alves Falcao DNI: 36155398L co número de documento seguinte: 160166528 de data 12/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Ramón Nieto, parroquia do Calvario.

Na súa alegación, solicita diminuír a aplicación 1710.6190015, PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES, en 125.000,00 euros e crear unha aplicación polo mesmo importe, para ADECUACIÓN PARQUE INFANTIL NA PRAZA JOSÉ COMPOS NO CALVARIO, xustificando o emprego alternativo nas consideracións que se reflicten na alegación.

No emprego alternativo proposto, os recursos son diminuídos de outra aplicación, polo que a alegación non altera o gasto en termos cuantitativos.

En canto á alegación hai que informar que con cargo á aplicación 1710.6190015, PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES, pode ser executado o investimento correspondente ao PARQUE INFANTIL DA PRAZA JOSÉ COMPOS NO CALVARIO.

No entanto, a alegación presentada non responde as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegación presentada por D. José Manuel Alonso Rodríguez, DNI: 36155398L co número de documento 160166529 de data 12/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Jenaro de la Fuente, parroquia do Calvario.

Na súa alegación, solicita diminuír a aplicación 1330.2270601, ESTUDOS E IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS DE TRÁFICO en 5.000,00 euros e crear unha aplicación polo mesmo importe, para ESTUDO PARA A ADECUACIÓN DO CRUCE JENARO DE LA FUENTE-MARTINEZ GARRIDO-RAMÓN NIETO, a devandita alegación ven asinada por outras 86 persoas das que non se pode acreditar a lexitimación activa. A alegación xustifica o emprego alternativo nas consideracións que se reflicten na mesma.

No emprego alternativo proposto, os recursos son diminuídos de outra aplicación, polo que a alegación non altera o gasto en termos cuantitativos.

En canto á alegación hai que informar que con cargo á aplicación 1330.2270601, ESTUDOS E IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS DE TRÁFICO, pode ser executado o ESTUDO PARA A ADECUACIÓN DO CRUCE JENARO DE LA FUENTE-MARTINEZ GARRIDO-RAMÓN NIETO.

No entanto, a alegación presentada non responde as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegacións presentadas por Dona María Cristina Alfonso García, DNI: 34871594Y cos números de documento seguintes: 160166543, 160166580, 160166494, 160166597 e 160166601 de data 12/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Burgos, parroquia do Calvario.

Nos documentos 160166543, 160166580, 160166494 e 160166601, formula tendo en conta o mesmo orde as seguintes alegacións:

Diminuír a aplicación 9240.7800000, PRAZAS DE USO PÚBLICO , en 3.000,00 euros e crear unha nova aplicación co importe de 3.000,00 euros, para a REUBICACIÓN DE MOBILIARIO URBANO ENTORNO DO CALVARIO, coa xustificación que figura no corpo da alegación.

Diminuír a aplicación 1510.2270600, ASISTENCIAS TÉCNICAS DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO, en 15.000,00 euros e crear unha aplicación pola mesma contía para a REMODELACIÓN E MELLORA DA RÚA LOGROÑO NO CALVARIO, xustificando o emprego no texto da alegación.

Diminuír a aplicación 1510.2270600, ASISTENCIAS TÉCNICAS DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO, en 20.000,00 euros e crear unha aplicación pola mesma contía para a REMODELACIÓN E MELLORA DA RÚA BURGOS NO CALVARIO, xustificando o emprego no texto da alegación.

Diminuír a aplicación 1510.2270600, ASISTENCIAS TÉCNICAS DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO, en 15.000,00 euros e crear unha aplicación pola mesma contía para a REMODELACIÓN E MELLORA DA RÚA SEGOVIA NO CALVARIO, xustificando o emprego no texto da alegación.

Diminuír a aplicación 1650.6190000 , INVESTIMENTOS DE REPOSICIÓN , en 2.000 euros e crear unha nova aplicación pola contía de 2.000 euros, REPOSICIÓN ALUMEADO PÚBLICO PALENCIA, 38., coa xustificación que figura na propia alegación. Esta alegación xa foi presentada por D. Jaime Victor Failde Albarelos DNI: 35204493A.

Nos empregos alternativos propostos, os recursos son diminuídos de outras aplicacións, polo que as alegacións non alteran o gasto en termos cuantitativos.

A minoración que se propón na aplicación 1510.2270600 é do Organismo Autónomo XMU mentres que a creación das novas aplicacións tería que ser no programa 1532 da Entidade, polo que non resultaría de aplicación, xerando un desequilibrio nos dous orzamentos

No entanto, as alegacións presentadas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non teñen a cualificación de alegacións, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non de alegacións, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegacións presentadas por D. José Alba Hidalgo, DNI: 05591324R cos números de documento seguintes: 160166498 e 160166599 de data 12/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Martínez Garrido, parroquia do Calvario.

Nos documentos 160166498 e 160166599, formula tendo en conta o mesmo orde as seguintes alegacións:

Diminuír a aplicación 3420.6320014, INVESTIMENTOS DE MELLORA C. FUTBOL E INSTALACIÓNS, en 40.000 euros e crear unha nova aplicación pola contía de 40.000 euros para a RECUPERACIÓN ZONA DEPORTIVA DE FONTÁNS NO CALVARIO, facendo a xustificación no corpo da alegación.

Diminuír a aplicación 1510.6000000, EXPROPIACIÓNS, en 50.000,00 euros, e crear unha nova aplicación pola contía de 50.000,00 euros para a 1ª FASE ADQUISICIÓN NOVA ZONA VERDE NO CALVARIO.

Nos empregos alternativos propostos, os recursos son diminuídos de outras aplicacións, polo que a alegación non altera o gasto en termos cuantitativos.

A minoración que se propón na aplicación 1510.6000000, é do Organismo Autónomo XMU mentres que a creación da nova aplicación tería que ser no programa 1710 da Entidade, polo que non resultaría de aplicación por desequilibrar ambos orzamentos.

As alegacións presentadas non responde as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegacións presentadas por D. Guillermo Crego Rodríguez, DNI: 36137677P cos números de documento seguintes: 160166539 e 160166765 de data 12/12/2016, 160168281 de data 14/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Jenaro de la Fuente, parroquia do Calvario.

Na súa alegación, solicita diminuír a aplicación 1710.6190003 RECUPERACIÓN DE ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS en 50.000,00 euros, e crear unha aplicación polo mesmo importe, para ESTUDO E 1ª FASE RECUPERACIÓN DO PARQUE PÚBLICO CAMPO DE MATÍAS NO CALVARIO. A alegación xustifica o emprego alternativo nas consideración que se reflicten na mesma.

Anular a aplicación 1640.4800000 CONVENIO CO OBISPADO e crea unha nova aplicación polo importe de 27.250 euros, CONTRATO PÚBLICO COA ASOCIACIÓN LAICA CERIMONIAS FÚNEBRES CIVÍS.

Diminuír a aplicación 32602279917, PROGRAMA EDUCATIVO AULAS INTERNACIONAIS en 100.000,00 euros e aumentar a aplicación 3260.2279918, ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLK en 100.000,00 euros.

Nos empregos alternativos propostos, os recursos son diminuídos de outra aplicación, polo que a alegación non altera o gasto en termos cuantitativos.

A aplicación 3260.2279918 que se propón incrementar está suxeita a unha relación

contractual non susceptible de modificación nun 100%, estaríase a incumprir co contido do artigo 107 do texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

En consecuencia: 1.- As alegacións presentadas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, trátase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación. 2.- a alegación identificada co número 160168281, supón a modificación do contrato asociado á devandita aplicación, o cal estaría a incumprir co contido do artigo 107 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegacións presentadas por D. J. Pedro Cuadrado Gago, DNI: 36008968F cos números de documento seguintes: 160167707 e 1601667704 de data 13/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Figueiró, parroquia de Sampaio

Nos documentos 160167707 e 1601667704, formula tendo en conta o mesmo orde as seguintes alegacións:

Diminuír a aplicación 3260.2279917, Programa Educativo Aulas Internacionais en 100.000,00 euros e incrementar a aplicación 3260.2279926, Escola Municipal de Danza na mesma contía.

Diminuír a aplicación 3260.2279917, Programa Educativo Aulas Internacionais en 25.000,00 euros e incrementar a aplicación 3260.2279916, Programa de alfabetización

Nos empregos alternativos propostos, os recursos son diminuídos de outra aplicación, polo que a alegación non altera o gasto en termos cuantitativos.

As aplicacións que se propón incrementar están suxeitas a unha relación contractual non susceptible de modificación nun 100%, estaríase a incumprir co contido do artigo 107 do texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

En consecuencia: 1.- As alegacións presentadas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, trátase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación. 2.- As alegacións supoñen a modificación dos contratos asociados as devanditas aplicacións, o cal estaría a incumprir co contido do artigo 107 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegación presentada por D. Enrique José García Zapata, DNI: 10592354A co

número de documento 160167118 de data 13/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Irmáns Quintela Pérez do Calvario.

A alegación solicita diminuír a contía de 100.000,00 euros da aplicación 1532.6190012, HUMANIZACIÓN G. OLLOQUI E PRAZA DE INDEPENDENCIA, a crear unha nova aplicación pola contía de 100.000,00 euros para a INSTALACIÓN DE BEIRARRÚAS, REMODELACIÓN E MELLORA DA RÚA IRMÁSN QUINTELA PÉREZ.

No emprego alternativo proposto, os recursos son diminuídos de outra aplicación, polo que a alegación non altera o gasto en termos cuantitativos.

No entanto, a alegación presentada non responde as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

Alegación presentada por D. Fiz Axeitos Hernández DNI: 36123157R co número de documento 160167567 de data 13/12/2016, en representación da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado.

A alegación propón incrementar a aplicación 3380.4800001 en 30.000,00 euros, pasando dos 60.000,00 aos 90.000,00 euros. O incremento se financiaría coa diminución da aplicación 4320.2279901, PROMOCIÓN TURÍSTICA AIR NOSTRUN na contía de 10.000,00 euros e 4320.2279902, PROMOCIÓN TURÍSTICA DESTINOS RUTAS AÉREAS RYANAIR en 20.000,00 euros.

Sen entrar na oportunidade ou non do gasto tanto na aplicación a complementar, o financiamento está a cargo de baixas doutras aplicacións, que en ambos casos, están a financiar contratos asinados en vigor, polo que non sería posible minorar a dotación sen previamente rescindir o contrato ou minorar a súa contía. De non facelo, a prestadora do servizo estaría no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, xa que o orzamento non tería dotado os créditos para atender aos compromisos adquiridos.

En relación coas dotacións que se corresponden coa promoción turística, de atender a alegación, suporía rescindir ou modificar os contratos con Air Nostrum e Ryanair.

A aplicación que se propón incrementar, xa foi obxecto dunha maior dotación, pasando dos 40.000,00 euros do ano 2016 aos 60.000,00 previstos para o ano 2017.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de

alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento.

Alegacións presentadas por D. Juan José Rodríguez Castro, DNI: 36112742M cos números de documento seguintes: 160168425 e 1601668426 de data 15/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Tomás Alonso.

Nos documentos 160168425 e 1601668426, formula tendo en conta o mesmo orde as seguintes alegacións:

Redución dá aplicación 3410 4890016 SUBV.FOMENTO FUTBOL BASE FUNDACIÓN CELTA DE VIGO pasando de 295.000 a 220.000, Aumento das aplicacións 3410.4890009 SUBVEN. EQUIPO ELITE RUGBY CLUB pasando de 28.000 a 65.000 e aplicación 3410.4890010 SUBVEN. EQUIPO ELITE VIGO VOLEIBOL pasando de 47.000 a 65.000, aplicación 3410. 4890011 SUBVEN. EQUI. ELITE XUVENIL TEIS-VOLEIVOL FEMENINO pasando de 30.000 a 40.000, aplicación 3410.4890014 SUBVEN. EQUIPO ELITE HALCONES BEISBOL pasando de 15.000 a 25.000, coa xustificación que figura no texto da alegación 160168425.

Redución dá aplicación 1721.2260201 CAMPAÑA DE SENSIBILIZACION AMBIENTAL E SOSTENIBILI. pasando de 25.000 a 20.000. Redución dá aplicación 1721.2279908 PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO pasando de 60.000 a 45.000. Redución dá aplicación 1721.2279912 MANTENEMENTO DA HORTA MEDIOAMBIENTAL pasando de 74.000 a 40.000. Incremento da aplicación 1721.2279904 CONVENIO SOCIEDADE PROTECTORA ANIMAIS pasando de 96.000 a 122.500. Incremento dá aplicación 1721.2279911 GASTOS DE CUSTODIA E ALIMENTACIÓN DE ANIMAIS pasando de 12.500 a 20.000. Creación dá aplicación 1721.2279913 SUBVENCIONS ASOCIACIONES PROTECTORAS DE ANIMAIS cunha dotación de 20.000 euros.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Tomás Alonso.

No emprego alternativo proposto, os recursos son diminuídos de outra aplicación, polo que a alegación non altera o gasto en termos cuantitativos.

Na análise da alegación presentada, non se vai a entrar na avaliación técnica en relación coa aplicación que se solicitan crear, xa que haberá que estar ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.

Avaliada as alegacións presentadas en relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto,

polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento.

Alegacións presentadas por Dona Oriana Mendez Fuentes, DNI: 53177036R cos números de documento seguintes: 160168065 e 160168066 de data 14/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Avd. Das Camelias.

Ambas alegacións afecta ao orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

As alegacións propoñen diminuír a contía de 200.000 da aplicación 1510.6210000 RECUPERACIÓN DA PANIFICADORA, e crear dúas aplicacións: unha para a realización dun estudo do ESTADO ESTRUCTURAL DOS EDIFICIOS DO COMPLEXO DA PANIFICADORA cunha dotación de 100.000 euros. Incrementar a aplicación 1510.7800000, AXUDAS ACCESIBILIDADE DE EDIFICIOS cunha contía de 100.000 euros.

En relación coa proposta, os ingresos que financian aplicación 1510.6210000, son ingresos afectados do PMS, polo que non poderían ter os empregos que se están a propor.

Avaliada as alegacións presentadas: 1.- Polo carácter de financiamento afectado dos recursos, a súa aplicación non é libre, non sendo o destino proposto un dos previstos no artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. 2.- En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no preitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento.

Alegacións presentadas por D. José Manuel Ledo Santiso DNI: 76620648N cos números de documento seguintes: 160168277, 160168278 e 160168280 de data 14/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Zamora.

As alegacións 160168277, 160168278 e 160168280, propoñen, tendo en conta o mesmo orde, o seguinte:

Que a aplicación 1710.6190015, PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES, cunha contía de 650.000 euros, pase a denominarse PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES-REALIZACIÓN SENDA ECOLÓXICA E DE PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL DO LAGARES.

Que a aplicación 1710.6190003, RECUPERACIÓN DE ZONAS VERDES E P. PÚBLICOS, cunha contía de 90.000 euros, pase a denominarse LIMPEZA E CONSERVACIÓN DO LAGARES.

Que a aplicación 1710.2260201, CAMPAÑA SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL E SOSTENIBILIDADE, cunha contía de 25.000 euros, pase a denominarse CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN E PROTECCIÓN DO NOSO ENTORNO E RIQUEZA MEDIOAMBIENTAL.

Na proposta correspondente ao documento de rexistro número 160168278, estase a cambiar un destino de investimento a un de gasto, o que está a incidir nos equilibrios do gasto corrente non financeiro e gasto de capital non financeiro.

Avaliada as solicitudes correspondentes as alegacións descritas en relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento.

Alegación presentada por D. Juan Ferreiro Pérez DNI: 34620678C co número de documento 160168149 de data 14/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Velazquez Moreno.

No emprego alternativo proposto, os recursos son diminuídos de outra aplicación, polo que a alegación non altera o gasto en termos cuantitativos.

Propón rebaixar a aplicación 2310.4810000 BECAS, LIBROS, COMEDOR en 110.000,00 euros e crear unha nova aplicación para dotar un convenio coa AFundación recuperación centro de maiores Ronda de D. Bosco co mesmo importe.

Avaliada a solicitude correspondente a alegación descrita en relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento.

Alegación presentada por Dona Inocencia González, DNI: 36095023L en representación non acreditada da Asociación a Unión Matamá CIF: G36646063 co número de documento 160168927, 160168924, 160168932 e 160168930 de data 15/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado.

No emprego alternativo proposto, os recursos son diminuídos de outras aplicacións, polo que as alegacións non alteran o gasto en termos cuantitativos.

Na descrición das solicitudes, séguese o mesmo orde co establecido no encabezamento

Diminuír a aplicación 3260.227991, PROGRAMA EDUCATIVO AULAS

INTERNACIONAIS, creando unha nova aplicación para a redacción do estudo técnico básico para execución dun pavillón de deportes en Matamá.

Diminuír a aplicación 1532.2100000, MANTEMENTO VIARIO NO RURAL, e crear unha aplicación nova dotada con 125.000,00 euros para a creación de beirarrúas na estrada Matamá.

Diminuír a aplicación 3230.6220005, CUBRICIÓN DE PATIOS DE COLEXÍOS, e crear unha aplicación nova dotada con 125.000,00 euros para a CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO FOSEFA ALONSO en Matamá.

Diminuír a aplicación 1710.6190015, PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES, e crear unha aplicación nova dotada con 10.000,00 euros para reparación exterior do palco da Alameda de Matamá.

En canto á solicitude, a primeira condición que se ten que cumprir, e a existencia do solo co uso dotacional deportivo na devandita zona, de non ser así, estaríase a incorrer nun gasto que non tería resultado, incluso poderían derivarse algún tipo de responsabilidade.

Así mesmo, o orzamento de Deportes, ten unha dotación 3420.6220006, cunha dotación para facer fronte a primeira anualidade dun novo pavillón deportivo.

Avaliadas as solicitudes correspondentes as alegacións descritas en relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento.

Alegación presentada por D. Higinio Santiago Araujo Feijóo DNI: 34960237F co número de documento 160168761 de data 15/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Mestre Soutullo

No emprego alternativo proposto, os recursos son diminuídos de outra aplicación, polo que a alegación non altera o gasto en termos cuantitativos.

A alegación propón diminuír o crédito da aplicación 2410.1310000, PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL, en 300.000,00 euros, e crear unha nova aplicación para a CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO polo mesmo importe, coa xustificación que figura no corpo da alegación.

A dotación que figura na aplicación 2410.1310000, é xenérica, polo que, o órgano que teña a competencia, pode adicalo á contratación de empregos para as finalidades que se consideren máis eficientes.

En todo caso, avaliada a solicitude correspondente a alegación descrita en relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos

previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento.

Alegación presentada por D. Ramón Angel Laren Riveiro, DNI: 36151801X cos números de documento 160168596 e 160168599 de data 15/12/2016.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.a) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado en calidade, segundo o escrito, de cidadá, tendo o seu domicilio na Rúa Torrente Ballester.

No emprego alternativo proposto, os recursos son diminuídos de outra aplicación, polo que a alegación non altera o gasto en termos cuantitativos.

Diminuír a aplicación 1710.6190015, PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES 100.000, euros e suplementar a aplicación 1710.6190016, ARRANXO DE PALCOS E ALAMEDAS en 100.000,00 euros.

Diminuír a aplicación 1532.61900060, MELLORA DE INFRAESTRUTURAS EN PARROQUIAS en 200.000,00 euros, e crear unha aplicación nova dotada con 200.000,00 euros para PLAN INTEGRAL DE MELLORA INFRAESTRUTURA EN TEIS (PARQUE RIOUXA, AVEDA DE GALICIA E ACCESOS Á GUÍA.

Avaliadas as solicitudes correspondentes as alegacións descritas en relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento.

Alegación presentada por D. Enrique Alonso Rodríguez en representación da Sección Sindical de CC.OO ,co número de documento 160168909, de data 15/12/2016.

En relación coa alegación, está resolta pola Sra. Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, incorporándose o devandito informe ao expediente no que conclúe coa desestimación da mesma de xeito motivada.

Dona María Manuela Rodríguez Pumar, DNI 36062216X en calidade de responsable de Organización do Bloque Nacionalista Galego (BNG) da Comarca de Vigo, presenta alegación co número de documento 160169126 de data 15/12/2016.

O documento no que se relacionan as emendas, está asinado por Don Serafín Otero Fernández, en calidade de responsábel Local de Vigo do Bloque Nacionalista Galego.

A alegación desagregase en 42 emendas.

Creación de novas aplicacións orzamentarias: 19 emendas, contía das 19 emendas, 3.630.000,00 euros.

Aumento de aplicacións: 12 emendas, contía das 12 emendas, 3.919.615,00 euros.

Total aumentos por novas aplicacións e por aumentos, 7.549.615,00 euros.

Diminucións ou anulacións: 11 emendas, contía das 11 emendas, 7.549.615,00 euros.

Sen entrar na oportunidade ou non do gasto tanto nas aplicacións a crear como as que se propón un suplemento, o financiamento está a cargo de baixas doutras aplicacións, que en determinados casos, están con cargo a contratos asinados, polo que non sería posible minorar a dotación sen previamente rescindir o contrato ou minorar a súa contía. De non facelo, a prestadora do servizo estaría no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, xa que o orzamento non tería dotado os créditos para atender aos compromisos adquiridos.

Os contratos que se verían afectados, son os de tratamento do lixo na contía de 1.550.000 euros, cuxa dotación é necesaria para atender as necesidades de tratamento dos residuos sólidos urbanos. Os dos servizos complementarios de educación, que a emenda propón a súa anulación, o que suporía rescindir o contrato vixente. En relación coas dotacións que se corresponden coa promoción turística, de atender a alegación, suporía rescindir o contrato con Ryanair, coa indemnización preceptiva. Tamén se propón diminuír as contías dos contratos de subministro eléctrico das instalacións deportivas.

En todos os casos, as dotacións que se reflicten para os contratos en vigor, son as necesarias, non sendo posible a súa anulación ou diminución, sen que previamente se faga a preceptiva modificación ou rescisión do contrato coas indemnizacións que procedan. A modificación de contratos ten que axustarse ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, nos casos que nos ocupa, como a contía da modificación supón unha modificación substancial, require a rescisión do mesmo.

Ademais, proponse a baixa de certas aplicacións orzamentarias que non poden conformar fonte de financiamento, por estar asociadas a contratos en vigor.

Ten máis un carácter dunha emenda parcial aos orzamentos que unha reclamación ou alegación.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.

Dona María Pérez González con número de DNI: 36133187A, a través do rexistro administrativo da Xunta e con entrada no Rexistro do Concello, co número de documento 160170012 de data de 19 de decembro.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado.

No emprego alternativo proposto, os recursos son diminuídos de outras aplicacións, polo que as alegacións non alteran o gasto en termos cuantitativos.

Na súa primeira alegación, solicita minorar a aplicación 1510.621000 en 100.000 euros e, na segunda alegación, esa mesma aplicación en outros 100.000 euros para destinalos a realización dun estudo da situación estrutural dos edificios da Panificadora e para axudas á accesibilidade a edificios, respectivamente.

Na súa terceira alegación propón minorar, en 200.000 euros, a aplicación 1532.6190006, para adicar ese importe á Plan Integral de Mellora de Teis.

Na alegación 4 propón, a minoración de 100.000 euros da aplicación, 1710.6190016 de parques infantís para adicalos a arranxo de palcos en alamedas públicas

Na alegación 5 propón diminuír a aplicación 2410.1310000 do Plan de Emprego en 100.000 euros para adicalos a creación dunha nova aplicación de Brigada de Intervención para a conservación do Patrimonio Histórico

Na alegación 6 propón a diminución de 50.000 da aplicación 2410. 4800000 das axudas do Plan de Emprego Municipal para crear unha nova aplicación “Convenio Emprego coa Federación de AAVV Eduardo Chao” con 50,000 euros.

Na alegación 7 propón a diminución de 50.000 euros na partida 2410.4800000 das axudas do Plan de Emprego Municipal para crear outra coa contía de 50.000 euros para o Convenio Emprego AAVV Teis Centro Cívico.

Na alegación 8 propón diminuír, en 70.000 euros, a aplicación 9240.4890000 para crear unha nova aplicación “convenio coa federación de AAVV Eduardo Chao con ese importe.

As alegacións 1, 2, 3 e 4, xa foron tramitadas en outras en outras solicitudes e foron desestimadas.

As alegacións 1 e 2 propoñen diminuír a contía de 200.000 da aplicación 1510.6210000 RECUPERACIÓN DA PANIFICADORA, e crear dúas aplicacións: unha para a realización dun estudo do ESTADO ESTRUCTURAL DOS EDIFICIOS DO COMPLEXO DA PANIFICADORA cunha dotación de 100.000 euros. Incrementar a aplicación 1510.7800000, AXUDAS ACCESIBILIDADE DE EDIFICIOS cunha contía de 100.000 euros.

En relación coa proposta, os ingresos que financian aplicación 1510.6210000, son ingresos afectados do PMS, polo que non poderían ter os empregos que se están a propor.

As alegacións 6 e 8, propón diminuír aplicacións do capítulo 4 do orzamento de gastos, que están sometidas a procedementos de concorrencia competitiva, para transformar en subvencións nominativas a favor da alegante.

Avaliada as alegacións presentadas: 1.- Polo carácter de financiamento afectado dos recursos, a súa aplicación non é libre, non sendo o destino proposto un dos previstos no artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. 2.- Por solicitar

axudas nominativas a favor da alegante con minoración de dotacións que están sometidas a procedementos de concorrencia competitiva. 3.- En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento.

Corrección de erros

Na aplicación 2410.4700002, dice FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (SAFOOD), debe dicir, FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (Sea Fest).

Na aplicación 3230.2279911, dice VIGO POR DENTRO, debe dicir, VIGO EDUCA

Na aplicación 3260.2279916, dice PROGRAMA DE ALFABETIZACIÓN, debe dicir, PROGRAMA EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS

Conclusión

As alegacións presentadas por: por D. Carlos García -Suárez y Otero, provisto de D.N.I. número 36.040.904, co número de documento 160163268 de data 01/12/2016. Polo Sr. Presidente do Comité de Personal, co número de documento 160165373 de data 07/12/2016. Por D. Rubén Pérez Sueiras, DNI: 53168978Q co número de documento 160165873 de data 08/12/2016. Por D. Jaime Víctor Failde Albarellos DNI: 35204493A cos números de documento seguintes: 160166501, 160166505 e 160166524 de data 12/12/2016. Por D. Marco Antonio Alves Falcao, DNI: 36155398L, co número de documento 160166528 de data 12/12/2016. Por D. José Manuel Alonso Rodríguez, DNI: 36155398L, co número de documento 160166529 de data 12/12/2016.- Por Dona María Cristina Alfonso García, DNI: 34871594Y, cos números de documento seguintes: 160166543, 160166580, 160166494, 160166597 e 160166601 de data 12/12/2016. Por D. José Alba Hidalgo, DNI: 05591324R, cos números de documento seguintes: 160166498 e 160166599 de data 12/12/2016. Por D. Guillermo Crego Rodríguez, DNI: 36137677P, cos números de documento seguintes: 1160166539 e 160166765 de data 12/12/2016 e 160168281 de data 14/12/2016. Por D. J. Pedro Cuadrado Gago, DNI: 36008968F cos números de documento seguintes: 160167707 e 1601667704 de data 12/13/2016. Por D. Enrique José García Zapata, DNI: 10592354A co número de documento 160167118 de data 13/12/2016. Por D. Fiz Axeitos Hernández DNI: 36123157R co número de documento 160167567 de data 13/12/2016, en representación da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello. Por D. Juan José Rodríguez Castro, DNI: 36112742M cos números de documento seguintes: 160168425 e 1601668426 de data 15/12/2016. Por Dona Oriana Mendez Fuentes, DNI: 53177036R cos números de documento seguintes: 160168065 e 160168066 de data 14/12/2016. Por D. José Manuel Ledo Santiso DNI: 76620648N cos números de documento seguintes: 160168277, 160168278 e 160168280 de data 14/12/2016. Por D. Juan Ferreiro Pérez DNI: 34620678C co número de documento 160168149 de data 14/12/2016. Por Dona

Inocencia González, DNI: 36095023L en representación non acreditada da Asociación a Unión Matamá CIF: G36646063 co número de documento 160168927, 160168924, 160168932 e 160168930 de data 15/12/2016. Por D. Higinio Santiago Araujo Feijóo DNI: 34960237F co número de documento 160168761 de data 15/12/2016. Por D. Ramón Angel Laren Riveiro, DNI: 36151801X cos números de documento 160168596 e 160168599 de data 15/12/2016. Por D. Enrique Alonso Rodríguez en representación da Sección Sindical de CC.OO, co número de documento 160168909, de data 15/12/2016. Por Dona María Manuela Rodríguez Pumar, DNI 36062216X en calidade de responsable de Organización do Bloque Nacionalista Galego (BNG) da Comarca de Vigo, co número de documento 160169126 de data 15/12/2016. Por Dona María Pérez González con número de DNI: 36133187A, a través do rexistro administrativo da Xunta e con entrada no Rexistro do Concello, co número de documento 160170012 de data de 19 de decembro, tendo en conta os supostos que en cada caso se reflicten neste informe, non responden aos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, que teñen que ter algunha das seguintes causas:

Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRFL.

Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

Nos supostos que se fan constar no expediente en que a baixa ou minoración dos créditos faise no Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo e a alta ou incremento faise no Orzamento da Entidade Local, o seu rexeitamento sería suficiente co desequilibrio que xera a propia alegación nos dous orzamentos.

As alegacións que solicitan un destino distinto dos recursos afectados polo PMS, a súa desestimación fundaméntase no artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Nos casos en que a alegación supón a modificación de contratos á baixa como é o caso de Air Nostrum e Ryanair, documento 160167567, ou aumentos nos contratos de Escola Municipal de Danza ou Programa de alfabetización, documentos 160167707 e 1601667704, contrato de tratamento de residuos, documento 160169126, o seu rexeitamento ten orixe no incumprimento do contido no artigo 107 do TRLCSP.

As alegacións presentadas representan unha opción de aplicación dos recursos públicos a outros empregos distintos dos propostos polo goberno e aprobados inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do 21 de novembro de 2016, supón unha alteración das decisións dos órganos que teñen competencia na formación do orzamento, non constituíndo en ningún caso un dos supostos de alegación regulados no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que non se poden tramitar como alegacións nin ser aceptadas como tales.

En relación coa alegación presentada por Dona María Manuela Rodríguez Pumar, DNI 36062216X en calidade de responsable de Organización do Bloque Nacionalista Galego (BNG) da Comarca de Vigo), trátase dunha emenda, sendo esta unha institución reservada aos grupos políticos con representación municipal, que teñen os seus prazos delimitados polo acordo da Comisión Informativa, aínda así, foi obxecto de estudo e avaliación.

En relación coas dotacións orzamentarias, a Lei impón ás Entidades locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa “esixible”, isto é, que se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade.

Sobre a suficiencia das dotacións para facer fronte aos compromisos adquiridos, xa se pronunciou o Sr. Interventor na emisión do preceptivo informe asinado o 08/11/2016, os estados de gastos *“nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas”*

A Lei soamente permite a reclamación por insuficiencias cando as mesmas sexan “manifestas” tal e como fai referencia o precepto, de non ser así, suporía limitar as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local.

En consecuencia co anterior, procede o rexeitamento das alegacións presentadas por non estar nos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL e non deben ser consideradas como alegacións, xa que as mesmas tan só poden ter o contido do previsto no artigo 170.2 da norma citada.

En todo caso, o órgano competente no proceso anual de execución do orzamento, pode adoptar acordos de gasto en relación con algunha das alegacións, ven dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos, ven tramitando modificacións orzamentarias ou con cargo á mesma aplicación orzamentaria cando esta ten un carácter xenérico e existe coincidencia na natureza económica do gasto da alegación.

Non se altera o contido do orzamento aprobado inicialmente nin en termos cuantitativos como limitativos, polo tanto, non se require achegar informe adicional algún.

Con data 19.12.2016, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente presta conformidade a dita proposta.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 22.12.2016, ditaminou favorablemente a proposta.

DEBATE:

PRESIDENCIA: Neste debate daremos 10 minutos por intervención e pechará o concelleiro de Facenda con 5 minutos.

SR. ANEIROS PEREIRA: O pasado 21 de novembro aprobamos inicialmente este orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, fomos e somos a primeira cidade de Galicia en aprobar o seu orzamento e isto implica entre outras moitas cousas boas que xa se están a tramitar proxectos con cargo e este Orzamento do 2017, algunha das concellerías deste Concello están a tramitar polo vía dos anticipados de gasto partidas do ano 2017, polo tanto, estamos actuando no marco dun goberno eficiente que vela polos intereses da cidadanía dos vigueses no marco, nun contexto de contas públicas saneadas como xa quedou patente naquel Pleno e reitero hoxe polo que non temos débeda con ningún banco, estamos nunha situación de débeda cero e nunha situación saneada de pago aos provedores. Eran e son os orzamentos máis sociais e máis inversores que se poden presentar neste momentos lembro as grandes cifras, 233 millóns de euros de gasto aos que hai que engadir 7,3 millóns de gasto social, é dicir, de beneficios fiscais que se conceden a través das ordenanzas fiscais, polo tanto, orzamentos de carácter marcadamente social, inversor e de fomento do emprego.

Nesta fase de exposición pública hai que dicir que se presentaron por parte de 40 persoas escritos a este Concello solicitando algunhas actuacións, hai que dicir que algúns destes escritos son reiteracións doutros, polo tanto, destes 40 escritos non son tantos como 40 alegacións, senón que poden cifrarse en algunha menos, e hai que dicir tamén que todas elas foron respondidas motivadamente.

Tamén hai que dicir que ningunha destas alegacións, destes 40 escritos, ningún encaixa nos supostos legais que poden ser aceptados, por este motivo foron rexeitados formalmente como tales pero téñense en conta como peticións que se fan a este goberno local.

Hai que dicir tamén que algunha desas propostas non pode ser tida en conta posto que supoñen un gasto preto ao millón de euros, polo tanto, xerarían un desequilibrio no Orzamento, algunhas tampouco poden ser admitidas legalmente

posto que propoñen cousas que non poden, non teñen encaixe na normativa en vigor e a maioría delas propoñen un uso alternativo, investimentos alternativos, a maioría son concreción de partidas xenéricas ou ben alternativas de gasto ou de investimento.

Se fago unha valoración xeral destas alegacións, escritos que se presentan, xa digo que hai un grupo que son decisións alternativas de gasto, agora porei algúns exemplos, polo tanto, xente que quere que non se gaste nunha partida senón que quere que se gaste noutra partida distinta e outras vistas dalgún xeito en sentido positivo, supoñen un reforzamento da acción do goberno, posto que supoñen petición de maiores investimentos, estamos no entorno xa de máis 750 rúas humanizadas, hai xente que quere se lle humanice a súa rúa, que se arranxe a súa rúa ou que se asfalte a súa estrada, temos xa máis de 170 quilómetros asfaltados na cidade, temos máis de 150 parques infantís e máis de 75 parques biosaudables e nese ámbito encaixan tamén as peticións que se fan por parte da cidadanía, quizás o aspecto negativo sexa que hai un grupo de persoas que se empeña en ir en contra da cidade, en pagar ben competencias que son doutras administracións como é o caso da Xunta de Galicia ou ben reducir partidas significativas e que fomentan as actividades da cidade dos vigueses, como poden ser as bolsas de inglés, a aula da UNED, os voos internacionais, as medianeiras ou o mantemento dalgúns contratos.

Como dicía, a maioría destas alegacións, escritos, plásmanse en concreción de partidas xenéricas, unha partida xenérica de alumeadado público hai xente que quere que se arranxe ou se lle poña un punto de luz na súa rúa, ou a partida xenérica de Parques Infantís para facer un parque infantil nunha zona concreta da cidade. Polo tanto, son concrecións de partidas xenéricas, que non significa que non se vaian a facer, senón que o goberno local as fará en función da programación que xa ten para a remodelación de toda a cidade, polo tanto, o rexeitamento formal non significa que non se vaian a facer.

Logo hai outra serie de alegacións que son investimentos alternativos, hai xente que por exemplo que non quere que se faga a rúa García Olloqui, como está no Orzamento quere se faga a rúa Irmáns Quintela, son decisións alternativas de gasto que propón algún cidadán, neste caso concreto ou ben xente que propón que unha partida de campos de fútbol se adique á creación dun campo de fútbol xenérico

nunha zona concreta da cidade, polo tanto actuacións que implican unha decisión alternativa por parte dos cidadáns e outras son simplemente irrealizables tanto polo que supoñen a efectos legais, non poden ser movidas dunhas partidas a outras do Orzamento, por exemplo, a partida de expropiación que conta a Xerencia de Urbanismo ou a partida de asistencias técnicas para a elaboración do Plan de Urbanismo desta cidade, non pode ser adicada a gastos ou investimentos dentro do Orzamento Xeral do Concello, sen prexuízo desas peticións se teñen en conta no seu momento.

Tamén hai algunha alegación, incluso por parte dalgún colectivo veciñal que despois de copiar algunhas alegacións que presentaran a cidadanía individualmente, propón nada menos que se asinen convenios nominativos con ela por importe de 170.000 euros, polo tanto, convenios de carácter nominativo que non encaixan nesta redacción do Orzamento, polo tanto, ten que concorrer a convocatorias públicas de subvencións e concorrer en igualdade de condicións con outras asociacións da cidade.

Tamén hai que facer referencia a un grupo de alegacións que presenta un partido político que non ten representación parlamentaria no Concello de Vigo que supón un certo fariseísmo político posto que propón baixar partidas culturais para adicar a outras partidas culturais, en fin, non é defendible que partidas de arte urbano, de bolsas de inglés, da UNED en Vigo, de promoción cultural, baixen para adicarse a partidas específicas que propón este grupo político e por outra parte o outro grupo de alegacións non fan máis que confirmar as partidas de emprego, do fondo antidesafuzamentos que ten este Orzamento xa, a bolsa de alugueiros, as bolsas de libros e comedor que xa se contemplan neste orzamento, polo tanto, non ten sentido aceptar esas alegacións.

Tampouco se aceptan as alegacións que presenta o Comité de Persoal dos traballadores de Vigo polo que supoñen incrementar as partidas, algunhas das partidas do orzamento como poden ser as gratificacións e a produtividade, partidas que xa van ser tidas en conta con cargo ás vacantes, as vacantes que non se poden convocar pola limitación que estable a Lei de orzamentos xerais do Estado, polo tanto, con cargo a esas prazas vacantes xa se poden facer fronte a estas partidas de gratificacións e de produtividade individuais que propón o comité de empresa, no que se refire á creación de novas prazas, serán analizadas nos

órganos correspondentes, polo tanto, tódalas alegacións foron tidas en conta, respostadas por parte do servizo correspondente e non fan máis que confirmar, como dicía antes, as grandes liñas que contempla este orzamento municipal para o 2017, un Orzamento municipal para o 2017 de gran contido social, pensen que nas partidas de asistencia social se adican máis de 15 millóns de euros á cidadanía de Vigo, se lle engadimos as partidas de educación con máis de trece millóns, as partidas de deportes con máis de 12 millóns, as partidas de emprego con 5 millóns, de comercio con máis dun millóns de euros, de turismo con máis de 4 millóns e de promoción da cidade con máis de 4 millóns de euros e de investimentos con máis de 16 millóns de euros, temos uns orzamentos da primeira cidade de Galicia, uns orzamentos de marcado carácter social que atenden á cidadanía de Vigo e que son elaborados como xa dixen no seu momento ao 100% dos recursos dos vigueses, a nosa dependencia de outras administracións é moi baixa e todo o orzamento está financiado cos recursos propios deste Concello, adicando ese 100% dos recursos propios deste Concello á cidadanía de Vigo, a xerar emprego, atender as persoas, as familias, atender as necesidades da cidade, son polo tanto, os orzamentos que precisa esta cidade e que polo tanto nos colocan á cabeza non só de Galicia senón á cabeza de España como cidade que impulsa o crecemento económico, a atención ás necesidades da cidadanía. Estes son os orzamentos que precisa a cidade e hoxe, sen prexuízo da votación que teremos despois, se validan estes magníficos orzamentos para a cidade de Vigo no 2017 e polo tanto, magnífica noticia para a cidade de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: A nós nos custa seguramente entender por proposta política en que parte de todo este calendario de tramitación, que arrancou o 8 de novembro e que previsiblemente remata hoxe, relativamente curta pero que non deixa de ser case dous meses posibles de traballo, en que parte entra todo o que este Pleno ten aprobado en canto ao código de boas prácticas da FEMP, polo que vemos a oposición non entra dentro dese criterio, cun rexeitamento en bloque da tódalas emendas, pero polo que vemos tampouco a cidadanía que decidiu para nós un feito bastante histórico que haxa un bo volume de alegacións e que a cidadanía empeza a entender que o Orzamento é a parte substancial do que logo se vai facer o resto do ano, é dicir, que o poñamos nun papel no inicio do Orzamento vai

vincular a posibilidade que teñan os colectivos sociais e cidadás de poder pedir algunhas modificacións ou poder pedir algunhas actuacións nos seus barrios ou na súa actividade social, polo tanto en que parte entra? Esa parte que dicía o Código de Bo goberno da FEMP e cito textualmente “se implementarán los presupuestos participativos como instrumento de mejora de participación de la ciudadanía en la asignación de los recursos públicos y en la definición de los obxectivos prioritarios de la gestión”, porque vemos que non foi o inicio, sorprendentemente unha Xunta de Goberno con nocturnidade lanza uns orzamentos que este grupo municipal se decata por un medio de comunicación e entendo que tamén gran parte dos colectivos afectados, se lanza un orzamento cunha presa para nós absolutamente ridícula, non hai ningún premio a ser o primeiro concello que aproba os orzamentos, ao contrario se foramos o último pero se iso significara que eses orzamentos se tiveran sacado á rúa, que tódolos colectivos sociais o coñeceran, que os colectivos que estaban dentro do Consello Económico Social que un a un dixeron que descoñecían os capítulos principais do Orzamento, que se lles mandou unha documentación da que non estaba a parte substancial dun orzamento que os gastos desagregados, pois se tiveramos feitos todo iso, incluso a nós nos parecería positivo ser o último concello de España en ter aprobados os orzamentos, porque significa que previamente eses orzamentos se terían consultado coa cidadanía como ben recomenda a FEMP e como algúns concellos están a facer independentemente da súa situación económica financeira, se teñen plans de rescate, se teñen que facer todo tipo de cuestións relacionadas co rescate e coas axudas do ministerio, pois aínda así, hai concellos que con todas esas dificultades deciden abrir o Orzamento á cidadanía, por que o dicimos? Porque este grupo municipal presentou unha emenda á totalidade cun compromiso político e o compromiso político era que despois da emenda á totalidade que a emenda á totalidade como ben se recolle en case tódalas lexislacións o que significa non é que esteamos en contra do 100% do Orzamento, senón que pedimos que se devolva o Orzamento, que se volva a repensar algunhas cuestións e que nós puxemos nese documento que o principal para nós era con quen se consultaba este Orzamento, se nos di que aquí se fai orzamentos participativos os 365 días do ano, pero cando nós acabamos de presentar esa emenda á totalidade, dicimos que imos a baixar e patear os barrios e imos facer asembleas nos barrios, descubrimos

que aquí non se consultou non sei se cos bedeis dalgún centro social pero dende logo nin sequera coa maior parte dos veciños, e estas asociacións nos din “e que podemos facer?” e nos dicimos, hai un proceso de alegacións despois de estar publicado no BOP, en concreto o 22 de novembro, que se podía presentar alegacións a este Orzamento e claro, a lei practicamente evita a posibilidade de que un cidadá poida intervir nas modificacións de gastos, e que non entra dentro dos tres supostos do artigo 170 do Lei de facendas locais, pero a pesares de non entrar nesas tres supostos, é certo que non entra dentro dos tres supostos, seguramente algún veciño pode entender que si que entra e polo tanto só lle quedará a opción que para nós sabemos cal vai ser o seu final, pero que lle queda a opción do recurso de reposición, pois aínda que non entrara en ningún dos tres supostos, non collamos ese mantra para laminar máis de 100 alegacións, son 40 individuais pero algunhas delas presentadas por colectivos veciñais ou polo propio Bloque Nacionalista Galego, algunhas emendas para nós moi interesantes son rexeitadas en bloque en base a ese artigo da lei, perfecto, iso é unha cuestión legal, pero nós imos falar da oportunidade política e aquí había reflexións moi profundas de moitos colectivos sociais que para nós eran interesantes e que pensamos que corrixen algunhas das actuacións deste goberno porque cando baixamos a facer as asembleas abertas nos barrios, descubrimos que a maioría das humanizacións non foron consultadas nin sequera coa asociación de veciños de referencia, nin sequera cos veciños que viven na rúa, vou poñer un exemplo, a rúa Bueu, onde tódolos veciños se sorprenden cando se lle presenta a documentación de que se elimina todo o aparcadoiro de superficie ou a maioría con esa humanización e dende logo os veciños van actuar como teñen que facer os veciños cando queren organizarse contra cuestións que consideran que non son ou que son gravosas para os seus intereses.

Polo tanto, todo ese proceso previo si que a nós nos garantiría que presentar un orzamento e ser os campións de Europa de presentar Orzamentos, tería algún sentido político porque para nós non ten ningún sentido político como non ten ningún sentido político non ter débeda, non ten ningún sentido político, un concello que non inviste, que non fai políticas tamén ten débeda cero, hai 3.000 concellos en España con débeda cero, a maior parte deles por inacción de actuación, polo tanto, as cuestións que se poñen aquí enriba da mesa como mantras políticos de

bonanza económica, para nos son dende logo unha parte substancial dunha política de constrición e de paralización da actividade política, económica e social, e polo tanto, había cuestións enriba da mesa presentadas nesas emendas interesantes, claro que a moitos traballadores do sector cultural, a moita xente que ten pequenas empresas de cultura, xente que ten compañías de teatro que se gaste mais de medio millón de euros en poñer murais nas medianeiras lle pode parecer que é un gasto excesivo que podería reverter en axudas directas ao tecido cultural da cidade, e hai emendas dese tipo. Claro que hai xente que lle interesa e que antes de realizar a expropiación, que é importante, da Panificadora, se faga un informe do estado da estrutura da Panificadora, é certo que se lle pode dicir, non se pode sacar desta partida pero imos abrir por que será importante saber o estado da estrutura, se hai aluminoses, se hai algún tipo de problema na estrutura da Panificadora que poida condicionar a rehabilitación do edificio, eu creo que había unha cantidade de emendas que non se poderían laminar simplemente pola interpretación dun artigo, que é certo, que eses tres supostos laminan, pero nós nos preguntamos cando un veciño interactúa na redacción dun orzamento, e hai ferramentas, hai concellos que teñen desenvolvido ferramentas informáticas e hai concellos como o de Madrid que se dirixiron a este Concello para ofrecerlle gratuitamente unha ferramenta de participación cidadá que é exemplar en toda Europa, que xa o están implementando incluso concellos de fora do Estado español, unha ferramenta que permite a calquera veciño facer achegas no proceso previo que é onde nós considerábamos que estas alegacións tiñan cabida, antes de presentar en Xunta de Goberno o Orzamento ter a posibilidade un veciño de facer achegas, un concello como o de Madrid a tódolos concellos do Estado español sexan do Partido Socialista, do Partido Popular, do PNV lle está ofrecendo gratuitamente esa ferramenta, simplemente co recurso dun informático que poida axudar, este Concello, silencio administrativo como nos trasladou o goberno municipal de agora Madrid que nin sequera está interesado en ter unha ferramenta de participación cidadá, un Orzamento que non está dispoñible na web, o día despois da Xunta de Goberno este Orzamento tiña que ser, é certo que o temos os grupos municipais, pois con toda a naturalidade a disposición dos colectivos que precisamente quixeran traballalo, e aínda así, 40 colectivos deciden presentar alegacións, a nós nos parece unha riqueza democrática que ten sido laminada

simplemente pola interpretación dun artigo da lei, e eu creo que iso dende logo non soluciona gran parte das eivas democráticas que neste Concello se están a instaurar como un réxime.

Polo tanto, pedimos e imos seguir pedindo que se reconsidere presentar o Orzamento sen que os coñeza nada máis cun goberno local ou partes seguramente moi interesadas pero dende logo non o conxunto dos cidadás e que poidan presentar de maneira natural alegacións ou achegas importantes ao Orzamento, porque nesta cultura orzamentaria vai entrar todo o municipalismo avanzado de Europa, e o que temos que facer é poñer a Vigo diante deste municipalismo avanzado e dende logo non detrás, non coñezo practicamente ningunha gran cidade que propoña hoxe en día presentar un orzamento deste xeito e con estas características e polo tanto, seguimos pensando que dende logo independentemente das maiorías absolutas é precisamente o momento onde se debería abrir máis o proceso de participación porque este goberno local non perde nada en abrir un proceso participativo cando ten efectivamente con esa maioría amarrado, seguramente o resultado final dos orzamentos, e niso nos volvemos a reiterar que de participación cidadá neste Orzamento cero patatero.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sinceramente señores do goberno municipal, xa non sorprenden a ninguén nesta cidade e a intervención do Sr. Aneiros demóstranos unha vez máis que vostedes teñen moi pouco que defender, que presentar neste Orzamento pero si que teñen unha gran facilidade a dicir que non a todo porque si, porque isto é exactamente o que están vostedes facendo con este Orzamento, están rexeitando unha tras outra ata 100 emendas que se presentaron neste Orzamento, o voceiro de Marea de Vigo fixo un intento en que comprenda a importancia que hai de escoitar aos cidadáns, as necesidades dos vigueses pero lamentablemente eu creo que unha vez máis vai ser predicar no deserto, igual que a intervención ou o que se poda dicir dende o grupo municipal do Partido Popular porque a realidade é que vostedes só que queren escoitar a vostedes mesmos, están todo o día mirándose ao embigo, instalados na autocomplacencia, dicindo o bo que somos, o rápido que somos, que somos os primeiros en presentar os orzamentos, non importa que o orzamento sexa moi malo, non importa o que importa é que sexamos os primeiros en aprobar un orzamento, o que importa

realmente é que este Orzamento aínda que estea afastado das necesidades dos vigueses, sexamos os campións e os primeiros e aprobalo. Un orzamento é moito máis que iso, Sr. Aneiros, sinceramente señores do goberno municipal, Sr. Alcalde, que mágoa escoitalo a vostede onte facer un balance do ano nos medios de comunicación, que mágoa escoitalo presumir da situación na que está Vigo, cando hai tantas persoas pasando necesidades, eu comprendo que ao Sr. Alcalde parécelle moito máis sinxelo levantarse e marcharse dos Plenos cando vai falar a oposición ou está moito máis interesado cando falan os grupos da oposición en ler o xornal e mirar o teléfono que en escoitar os argumentos que se teñen que dicir, eu compréndoo porque é unha mostra máis do talante co que está a exercer o goberno municipal dende as pasadas eleccións municipais, pero lle digo unha cousa Sr. Alcalde, as maiorías absolutas non están para iso, están tamén para ser dialogantes e para chegar a acordos coa oposición e sobre todo para escoitar aos cidadáns cando presentan alegacións, xa sexa a través dos grupos municipais que están lexitimados porque lla deron as urnas e os vigueses, como directamente as alegacións presentadas polos propios cidadáns. Aquí temos 100 alegacións Sr. Aneiros, e dixeron que non a todo, xa sei que para vostedes os grupos municipais non valen nada, nin lles teñen ningún respecto, nin dende logo lle teñen ningunha consideración pero son representantes cidadáns e presentaron 60 máis 40, 100 emendas e vostedes dixeron 100 veces que non, ese é o seu talante. Ademais dixo vostede unha cousa que me parece especialmente grave e é que os cidadáns, esas 40 emendas que presentan os cidadáns, van en contra de Vigo, é que o que non está de acordo co pensamento único que queren vostedes impoñernos é en ir en contra da cidade? Non, isto o que reflicte é que hai moitas necesidades nesta cidade das que vostedes están moi lonxe, e nós lles tendemos a man para analizar as emendas que se presentaron dende o grupo municipal do Partido Popular, esas 60 emendas, lles dixemos que estábamos dispostos a sentarnos e analizalas unha a unha pero a vostedes lles sobrou cinco horas para denegar e rexeitar todas e cada unha delas, e con iso rexeitaron, fixeron oídos xordos a mellorar a política social e subir ata os tres millóns os apoios á vivenda, dixeron que non a que se sumara o Concello de Vigo ao Convenio de Vivendas Baleiras porque hai persoas que están sendo desafuzadas nesta cidade a día de hoxe e que vostedes lle teñen pechadas as portas, dixeron que non a triplicar a axuda para os discapacitados do

bono-taxi, dixeron que non a subir as cantidades que se dan ás entidades que están prestando servizos sociais e coas que deberían falar estes días especialmente para lles contaran que situación de necesidade están a pasar moitos vigueses a día de hoxe, dixeron tamén que non a mellorar e potenciar o noso comercio, turismo e a subirlle o 50% das axudas para as empresas e para a creación de emprego, dixeron que non unha vez máis ao mozos como propuxemos para ese Plan de Emprego Xuvenil con medio millón de euros, á Universidade de Vigo á que lle queren seguir cobrando o IBI, non sei que lles fixo, lle dixeron que non ás parroquias, a tódolos veciños das parroquias que están demandando un transporte público digno e que están a demandar tamén uns proxectos para poder ir camiñando por beirarrúas e ter que ir pola rúa, pero a todo isto, non contentos con dicir que non a todo iso, unha tras outra ata 60 emendas imos á parte de exposición pública e resulta que das 40 presentadas tamén as 40 son denegadas porque non valen, non serven, non son legais, mire poden buscar as escusas que queiran pero a realidade é que lles falla vontade política para escoitar aos cidadáns, e para escoitar a eses 40 cidadáns que presentaron emendas ao Orzamento, emendas tan lexítimas como para pedir melloras nos seu barrios, nas parroquias, melloras no Calvario, melloras en Teis, ese barrio ao que teñen vostedes especial inquina, hai que recoñecelo, non sei que teñen vostedes contra os veciños de Teis que reiteradamente fan oídos xordos a súas demandas, dixeron que non a mellorar parroquias como a de Matamá, coas alegacións que presentou a Asociación de Veciños de Matamá, dixeron que non tamén a mellorar a accesibilidade na nosa cidade, ata lle dixeron que non á Fundación Laxeiro, que teñen vostedes en contra, que lles fixo a Fundación Laxeiro para que queiran unha vez máis recortar á metade unha asignación que lles está a levar e que lles vai levar inexorablemente ao peche da Fundación Laxeiro, a todo isto, entre outras cousas que lle dixeron vostedes que non, porque vostedes son o goberno do no porque vostedes queren facer única e exclusivamente a súa vontade e impoñernos a todos ese pensamento único e non contentos con facer un Orzamento que dende logo está moi afastado das necesidades de Vigo é un Orzamento de corta e pega, eu lles pediría que se puxeran a traballar señores concelleiros, 17 concelleiros para que? Para cortar e pegar o 99% do Orzamento, que decepción tan grande, e logo aínda enriba nin sequera aceptar que se pode mellorar as emendas que se

presentan para intentar melloralo, pero vostedes ademais o máis triste é que non van ser nin capaces de executar ese Orzamento porque o estamos a ver a día de hoxe co Orzamento do 2016 porque mirámolo con Orzamento do 2015, fan un Orzamento irreal e enriba son incapaces de executalo, ese é o seu balance. O seu balance é complementalo e bloquear o orzamento doutras institucións desta cidade que si que son capaces de executar, que si que queren apostar polas empresas e polo desenvolvemento económico desta cidade e que están a bloquear este Orzamento porque o Sr. Alcalde non lle chega con un orzamento, non, ten que controlar outro orzamento aínda sexa doutra institución, aínda que sexa utilizando un regulamento franquista, que Sr. Alcalde, venlle a vostede como anel ao dedo para bloquear esa aprobación dos orzamentos, non contentos con iso, queren impoñer este Orzamento á cidade.

E que lles espera aos vigueses para o ano que ven? Pois para o ano 2017, con este Orzamento que agora aprobarán co seu rodete e coa súa maioría absoluta, os vigueses van pagar máis impostos, os vigueses van seguir tendo unha política social de beneficencia non unha verdadeira política social para sacar adiante os problemas dos cidadáns, van seguir estando esquecidas as parroquias da nosa cidade, vai seguir habendo vigueses de primeira e de segundo en función de onde residan, van estar abandonados os mozos, as familias das que falaremos nunha moción que nos parece importante, estamos nun declive demográfico sen precedentes, somos a cidade que máis poboación perde, e que non lles parece que iso é un problema? De verdade que pensan que iso non é un problema para esta cidade? De verdade que vostedes están a pensar que teñamos un Plan Xeral paralizado, que esteamos nun plan do 93 e que sexan vostede incapaces de sacalo adiante, non é un problema para esta cidade? Pero en que mundo viven? Pero en que Vigo viven? Saian vostede á rúa e escoiten aos cidadáns e se escoitan aos cidadáns saberán que unha máis estanse a equivocar con estes Orzamentos, estanse equivocando con esta proposta e dende logo estanse a equivocar ninguneando e facendo oídos xordos ao que lles din os cidadáns e ao que lles din os grupos da oposición.

Xa sei que isto non servirá para que cambien de idea pero sinceramente lles volto a reiterar que para facer cousas por e para os vigueses terán ao Partido Popular, dende logo con estes orzamentos, con esta perspectiva, con esta non a todo

porque si, con este bloqueo permanente e enfrontamento porque vostedes son o goberno da confrontación con outras administracións, coa Zona Franca, co goberno de España, co da Xunta de Galicia, por esta vía estanse a converter vostedes no goberno máis daniño para Vigo da historia, a vostedes que lles gustan tanto esas declaracións, o máis daniño, Sr. Alcalde, se está vostede a converter no Alcalde máis daniño para esta cidade, sinceramente rectifiquen porque os vigueses xa iniciaron a conta atrás para un cambio nesta cidade que é máis necesario que nunca.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz, a súa incontinencia verbal é certamente preocupante porque o que eu lle diría a vostede é dado que repite isto de que fixemos, a pregunta é que fixemos os vigueses para merecela a vostede como líder da oposición? Que fixemos para que vostede que pide que se respecten os dereitos democráticos, que se fagan uns orzamentos participativos, que pide moitas cousas, e vostede a primeira que se coloca permanentemente en contra desta cidade, porque o que vostede ten que analizar Sra. Muñoz, é o que fan vostedes, o que ten que analizar é o que leva facendo neste Pleno dende hai ano e medio, defendendo exclusivamente as políticas do Sr. Núñez Feijóo en contra dos cidadáns de Vigo, si, por moito que se ria isto é así.

Polo tanto, lamentablemente que pasa, que cando chegamos a debater orzamentos vostedes non teñen modelo para esta cidade, vostede chega aquí só para facer unha retaila de cuestións sobre as que o goberno local traballa os 365 días do ano, pero como pode dicir estas cousas do Alcalde? Pero como pode dicir dunha persoa que vai facer dez anos de goberno nesta cidade? Que ten un recoñecemento en votos do 52% e permítese vostede facer mencións a franquismo e outras cuestións, pero como pode vostede dicir isto? Vostede está deixando de ir ao actos que se celebran nesta cidade porque non soporta o grado de aceptación que ten o Alcalde nesta cidade, si Sra. Muñoz, isto é así e o problema é que vostede non está na rúa, vostedes, os concelleiros do Partido Popular non ven o que se fai durante os 365 días do ano, porque aquí chegamos e eu non quero entrar nesa trampa, chegamos a falar de cuestións procedimentais en relación co Orzamento, se é o primeiro ou se é o último, se é participativo ou se non é participativo, se non se trata de ser o primeiro nin o último, se trata de ter uns orzamentos como elemento de facer

política e vostede cando tiveron maioría absoluta neste Concello non foron capaces de facer orzamentos, que nos está a contar? participativos, pero como participativos se participativos estamos todo o ano, eu llo invisto ao revés, en vez de 100 emenda que non foron aceptadas o que si que están no Orzamento é recollidas a miles de suxestión que se fixeron ao longo do ano, esta é a forma de gobernar Sra. Muñoz, é a forma que nos deron os cidadáns porque as maiorías absolutas non son maravillosas cando a teñen vostedes e moi malas cando as temos os demais, non. Estes orzamentos son absolutamente participativos, estes orzamentos que se parecen aos anteriores? Por suposto que si, porque do que non se deu conta vostede é de que hoxe estamos ante un día histórico, e eu sei que cando se din estas cousas poden parecer certamente grandilocuentes, pero no ano que entramos dentro duns días vanse cumprir dez anos deste goberno, dun goberno que dende o primeiro momento se preocupou única e exclusivamente das persoas, dun goberno co seu Alcalde á cabeza que do único que se preocupou é de que en cada Orzamento se fora mellorando e é verdade que tivemos que superar bastantes escollos porque tivemos que acordar orzamentos ao longo destes dez anos, inclusive un con vostedes, pero non é menos certo que estes orzamentos teñen unha continuidade que é o que importa.

Polo tanto, estes orzamentos abarcan perfectamente tódalas necesidades que teñen os vigueses, e aquí hai moitos mantras en relación con si ser o primeiro, coas ferramentas que se poden ter para facer uns orzamentos participativos, eu o que prefiro fronte a Concellos como o de Madrid que consultan aos cidadáns nun período determinado, a min iso non me vale, o que me vale é o día a día, o que me vale é estar permanentemente cos cidadás, o que me vale é estar durante todo o ano no tecido social atendendo a tódalas necesidades, e o que non me vale é vir á excepción dunha serie de propostas, vostedes, fixeron unha emenda ao Orzamento de 10 millóns de euros, quítame aquí para poñer alí, e iso é moi lícito cando vostedes gobernan, pero sabe cal é problema para vostedes? Que no sacamos o 52% dos votos e o problema é que este Orzamento se axusta ás necesidades e o problema é certamente que vostede non se leu o Orzamento.

Eu non quero entrar neste xogo dialéctico que vostedes fan sobre todo o negativo da cidade e demais porque de verdade, non perciben á cidade, non a coñecen, non están atentos ao que pasa na cidade, nin están atentos ao que pasou durante estes

dez anos, aquí o que hai que falar é en positivo, hai dez anos iniciouse un longo camiño na mesma dirección, na defensa das persoas, na atención ao emprego e na atención ao que realmente necesita esta cidade, porque voulle dar unhas pinceladas, se vostede se tivera preocupado de analizar as políticas sociais, non podería facer o discurso que fixo agora, porque este Orzamento hai que velo dende a faciana que teñen os cidadáns ante o Orzamento como resposta política, na faciana dese cidadá que evita un desafuzamento, que ten unha tarxeta da dignidade para alimentos, na faciana dese cidadán que evita a pobreza enerxética e xa vemos o que está pasando noutros lugares, nas facianas que tería que ir vostede a ver ao Aeroporto de Peinador, as caras que teñen os pais e avós cando os seus fillos e netos vanse de bolsa de inglés, deste Concello, que non houbo nunca esas bolsas, tería que ver vostedes esas facianas daquelas persoas que conseguen un dos moitos empregos gracias aos plans deste Concello e ás políticas keynesianas, tería que ir a ver aos cidadáns que lles encanta como hai un deporte base potenciado nesta cidade, tería que ver as facianas de satisfacción dos cidadáns cando veñen os seus amigos doutras cidades e lles ensinan tódalas medianeras como elemento cultural que hai nesta cidade, tería vostede que ver a faciana de satisfacción dos cidadáns cando chegan estas datas coa pontenciación ao comercio e ao Nadal.

Pero sabe cal é o problema, esquecíame dunha faciana de satisfacción, a cara de satisfacción de poder ir ao Aeroporto de Peinador que vostedes quixeron pechar, a eses avós que se van ver aos seus netos a Bolonia nun Aeroporto que vostedes pretenderon pechar e que hoxe é récord de tráfico.

Poderán facer moitos comentarios sobre débeda cero, sobre orzamentos participativos e sobre o que vostedes queiran, pero a realidade é moi sinxela, a realidade é que este goberno conseguiu un Orzamento para atender aos cidadáns, conseguiu algo moi importante que lles doe moito a vostede e é que a Deputación atenda por primeira vez a esta cidade fronte as políticas que facían vostedes e claro, vostede que elaborou orzamentos na Xunta de Galicia, que fale de orzamentos participativos, pois certamente resulta absolutamente sorprendente.

Sra. Muñoz e concelleiros do Partido Popular, eu quéroilles ver a vostedes na defensa desta cidade, cando hai temas importantes defendendo a esta cidade, cando hai que reivindicar en beneficio desta cidade e iso Sra. Muñoz e concelleiros

do Partido Popular non o están a facer, ogallá unha das emendas que vostede tivese presentado fose aquela que dixera que a Xunta de Galicia investise nesta cidade ao menos o mesmo que outras administracións como a Deputación de Pontevedra inviste nesta cidade, porque o que tería que facerse é unha análise do que realmente deixa de facer a Xunta de Galicia nesta cidade e logo teremos ocasión de falar de transporte metropolitano e marabilloso é que haxa presentado esa moción.

Conclúo como sempre en positivo, uns orzamentos que son un camiño iniciado hai anos, uns orzamentos que dende o día 1 deste goberno se preocuparon dos cidadáns, que dan solución aos seus problemas, que se preocupan deles e o que é evidente é que isto é xusto o que non fai o Partido Popular, nin aquí, nin na Xunta de Galicia, nin no goberno de central.

SR. ANEIROS PEREIRA: Que importante é ter Orzamentos o día 1 de xaneiro? Esa é a razón da que algúns din que é a presa, non é a presa, é cumprir coa necesidade de ter un programa de acción, esa é a única finalidade de ter os orzamentos aprobados no prazo e dentro do ano, esa é Sr. Pérez a única presa que ten este goberno, en seguir atendendo as necesidades da cidadanía, as da xente, non é presa que teñen noutros concellos onde gobernan, por certo, onde aínda non teñen nin sequera o orzamento do 2016 e non se prevé nin sequera o orzamento do 2017, este goberno do Partido Socialista que encabeza o Alcalde o Sr. Abel Caballero si que cumpre coas súas obrigas, se que ten claro que ten que atender as necesidades da cidadanía, que é esa a maior obriga a que mellor se cumpre, con maior honra, é o que nos encargan os cidadáns cando votan nas eleccións, que cumpramos coas nosas obrigas para atender as súas necesidades, polo tanto, esa é a única razón que da que vostede di que hai presa, para nós non é presa é simplemente facer o que temos que facer.

Insisto, outras cidades non só de Galicia senón tamén do resto do estado non teñen nin sequera o Orzamento aprobado no 2016, polo tanto, Vigo si que é un referente para Galicia, si que é un referente para o resto das cidades de toda España.

Publicidade toda, este Orzamento apróbbase despois de cumprir non só os trámites legais de publicidade que para iso están regulados nunha norma, senón tamén de facer a exposición que corresponde cos colectivos, e non é certo que o Consello

Social descoñecera as partidas, non, o que falou no Consello Social eran de cousas máis concretas, non era que se descoñeceran as partidas, se pedía concreción sobre algunhas aclaracións, preguntas, cuestións, é dicir, cuestións que suscitan interese na cidadanía, polo tanto, publicidade toda a do mundo.

A participación non queremos que se faga como se fai nalgúns gobernos, o me colega voceiro do grupo o acaba de dicir, en Madrid, respecto a partidas moi concretas, ou como se propón a un concello de Galicia respecto a 1% do Orzamento, senón que a nosa participación é a que nos da estar en contacto coa xente, estar na rúa, estar os 365 días do ano atendendo e escoitando á cidadanía de Vigo, esa é a verdadeira participación e a participación que tamén se plasma nas eleccións que respaldaron masivamente cun 52% a este proxecto político que encabeza o Alcalde o Sr. Abel Caballero, e polo tanto, esa é tamén a forma de participar en democracia, votando cando corresponde, votando e apoiando os proxectos políticos que entende a cidadanía que mellor atenden os seus intereses e neste caso na cidade de Vigo o proxecto político que atende os intereses e as necesidades da cidadanía é o proxecto político do Partido Socialista, o proxecto político que encabeza o Alcalde o Sr. Abel Caballero.

Escoitamos á cidadanía, eu escoito cada vez a esas 10.000 persoas que reciben as distintas axudas do servizo de asistencia social, 10.000 persoas nesta cidade que reciben axudas con cargo a este Orzamentos que agora iremos aprobar, ou as 32.000 persoas que practican deporte nas instalacións públicas e que reciben axudas tamén por parte deste Concello ou a colectividade escolar que recibe o apoio deste Concello a través das bolsas de inglés, das becas de comedor, de libros, a través da cubrición dos patios dos colexios, a esas 40.000 estudantes desta cidade tamén os escoitamos, Sr. Pérez Correa e Sra. Muñoz, e tamén escoitamos aos 3.000 empregados con cargos ao programa de emprego, tamén os escoitamos, claro que os escoitamos, e os empregos indirectos que se fan a través das humanizacións, claro que os escoitamos, e tamén aos alumnos da Escola de Idiomas ou ben dos distintos colexios que se van aprender unha lingua tan importante para a súa empregabilidade futura como é o inglés, non só para a súa formación como persoas senón tamén para favorecer a súa empregabilidade, e tamén escoitamos á cidadanía cando reivindica cousas, reivindica un hospital público, un aparcadoiro público nese hospital privado, reivindica unha estación de

buses, reivindica que a Xunta de Galicia faga os seus asfaltados nas estradas, reivindica que a Xunta de Galicia constrúa a Cidade da Xustiza, que financie a Universidade como é a súa competencia, que financie máis o servizo de atención á cidadanía.

Agora con este goberno os cartos vense, porque está na rúas, nas humanizacións, na atención social, nas persoas, aí é onde están os cartos, cando gobernaban vostedes non estaban os cartos visibles, esa é gran diferenza entre este goberno e os outros gobernos que tivo esta cidade.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e dez votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

- a) *Desestimar a alegación presentada por D. Carlos García-Suárez e Otero, provisto de D.N.I. número 36.040.904, co número de documento 160163268 de data 01/12/2016, en nome propio, en representación dá Comisión Artística dá Fundación Laxeiro, solicita incrementar a aplicación inicialmente aprobada no orzamento municipal para o exercicio 2017 para a Fundación Laxeiro ata os 80.000 euros, por non estar nos supostos previstos no artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aínda que poderá ser obxecto de estudo na transcurso do ano 2017 pola tramitación dunha modificación orzamentaria.*
- b) *Desestimar a alegación presentada polo Sr. Presidente do Comité de Persoal, co número de documento 160165373 de data 07/12/2016, polas causas que figuran no informe sobre a mesma: 1.- O procedemento para modificar o cadro de persoal, requirirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento. 2.-*

A alegación non tería posibilidade de ser tramitada, non habería recursos para financiar os empregos que se propoñen. 3.- A alegación non é posible encadrada nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL.

- c) *Desestimar a alegación presentada por D. Rubén Pérez Sueiras, DNI: 53168978Q co número de documento 160165873 de data 08/12/2016, por non responder as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, polo que, non tendo a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.*
- d) *Desestimar as alegacións presentadas por D. Jaime Víctor Failde Albarellos DNI: 35204493A cos números de documento seguintes: 160166501, 160166505 e 160166524 de data 12/12/2016. Unha das minoracións que se propón e nunha aplicación do Organismo Autónomo XMU, mentres que a creación da nova aplicación tería que ser no programa 1532 da Entidade, polo que non resultaría de aplicación ao xerar desequilibrios en ambos orzamentos. De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, as alegacións non se atopan encadradas en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*
- e) *Desestimar a alegación presentada por D. Marco Antonio Alves Falcao DNI: 36155398L co número de documento 160166528 de data 12/12/2016. De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*
- f) *Desestimar a alegación presentada por D. José Manuel Alonso Rodríguez, DNI: 36155398L co número de documento 160166529 de data 12/12/2016. De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRHL.*
- g) *Desestimar as alegacións presentadas por Dona María Cristina Alfonso García, DNI: 34871594Y cos números de documento seguintes: 160166543, 160166580, 160166494, 160166597 e 160166601 de data 12/12/2016. De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a minoración que se propón na aplicación 1510.6000000, é do Organismo Autónomo XMU, mentres que a creación da nova aplicación tería que ser no programa 1710 da Entidade, polo que non resultaría de aplicación ao xerar desequilibrios en ambos orzamentos. As alegacións presentadas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non teñen a cualificación de alegacións, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non de alegacións.*

- h) *Desestimar as alegacións presentadas por D. José Alba Hidalgo, DNI: 05591324R cos números de documento seguintes: 160166498 e 160166599 de data 12/12/2016.* A minoración que se propón na aplicación 1510.6000000, é do Organismo Autónomo XMU, mentres que a creación da nova aplicación tería que ser no programa 1710 da Entidade, polo que non resultaría de aplicación por desequilibrar ambos orzamentos, sendo esta xustificación suficiente para o seu rexeitamento. Ademais, as alegacións presentadas non responde as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.
- i) *Desestimar as alegacións presentadas por D. Guillermo Crego Rodríguez, DNI: 36137677P cos números de documento seguinte: 160166539 e 160166765 de data 12/12/2016, 160168281 de data 14/12/2016.* De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a aplicación 3260.2279918 que se propón incrementar está suxeita a unha relación contractual non susceptible de modificación nun 100%, estaríase a incumprir co contido do artigo 107 do texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro. En consecuencia: 1.- As alegacións presentadas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, xa enumeradas neste informe, polo que, non ten a cualificación de alegación, trátase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación. 2.- a alegación identificada co número 160168281, supón a modificación do contrato asociado á devandita aplicación, o cal estaría a incumprir co contido do artigo 107 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- j) *Desestimar as alegacións presentadas por D. J. Pedro Cuadrado Gago, DNI: 36008968F cos números de documento seguintes: 160167707 e 1601667704 de data 12/13/2016.* As aplicacións que se propón incrementar están suxeitas a unha relación contractual non susceptible de modificación nun 100%, estaríase a incumprir co contido do artigo 107 do texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro. En consecuencia: 1.- As alegacións presentadas non responden as causas taxadas no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, trátase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación. 2.- As alegacións supoñen a modificación dos contratos asociados as devanditas aplicacións, o cal estaría a incumprir co contido do artigo 107 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- k) *Desestimar a alegación presentada por D. Enrique José García Zapata, DNI: 10592354A co número de documento 160167118 de data 13/12/2016.* De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo

2/2004, de 5 de marzo.

- l) *Desestimar a alegación presentada por D. Fiz Axeitos Hernández, DNI: 36123157R co número de documento 160167567 de data 13/12/2016, en representación da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello.* O financiamento proposto está a cargo de baixas doutras aplicacións, que en ambos casos, están financiando contratos asinados, polo que non sería posible minorar a dotación sen previamente rescindir o contrato ou minorar a súa contía. De non facelo, a prestadora do servizo estaría no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, xa que o orzamento non tería dotado os créditos para atender aos compromisos adquiridos. En relación coas dotacións que se corresponden coa promoción turística, de atender a alegación, suporía rescindir ou modificar os contratos en vigor con Air Nostrum e Ryanair. A aplicación que se propón incrementar, xa foi obxecto dunha maior dotación, pasando dos 40.000,00 euros do ano 2016 aos 60.000,00 previstos para o ano 2017. En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.
- m) *Desestimar as alegacións presentadas por D. Juan José Rodríguez Castro, DNI: 36112742M cos números de documento seguintes: 160168425 e 1601668426 de data 15/12/2016.* De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- n) *Desestimar as alegacións presentadas por Dona Oriana Mendez Fuentes, DNI: 53177036R cos números de documento seguintes: 160168065 e 160168066 de data 14/12/2016,* de acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria polos seguintes motivos: 1.- Polo carácter de financiamento afectado dos recursos, a súa aplicación non é libre, non sendo o destino proposto un dos previstos no artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. 2.- En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto.
- o) *Desestimar as alegacións presentadas por D. José Manuel Ledo Santiso DNI: 76620648N cos números de documento seguintes: 160168277, 160168278 e 160168280 de data 14/12/2016,* de acordo ao informe sobre as mesmas, as alegacións non se atopan encadradas en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- p) *Desestimar a alegación presentada por D. Juan Ferreiro Pérez DNI: 34620678C co número de documento 160168149 de data 14/12/2016,* a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente

taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

- q) *Desestimar as alegacións presentadas por Dona Inocencia González, DNI: 36095023L en representación non acreditada da Asociación a Unión Matamá CIF: G36646063 co número de documento 160168927, 160168924, 160168932 e 160168930 de data 15/12/2016, polos seguintes motivos: 1.- Para a construción desta infraestrutura, e necesario acreditar no PXOU, a existencia do solo co uso dotacional deportivo na devandita zona. 2.- O orzamento de Deportes, ten unha dotación 3420.6220006, con crédito para facer fronte a primeira anualidade dun novo pavillón deportivo, se fose o caso, podería destinarse a esta ubicación. 3.- Avaliadas as solicitudes correspondentes as alegacións descritas en relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.*
- r) *Desestimar a alegación presentada por D. Higinio Santiago Araujo Feijóo DNI: 34960237F co número de documento 160168761 de data 15/12/2016, a dotación que figura na aplicación 2410.1310000, é xenérica, polo que, o órgano que teña a competencia, pode adicalo á contratación de empregos para as finalidades que se consideren máis eficientes, non se establece a que colectivos se destinará. En todo caso, avaliada a solicitude correspondente a alegación descrita en relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.*
- s) *Desestimar a alegación presentada por D. Ramón Angel Laren Riveiro, DNI: 36151801X cos números de documento 160168596 e 160168599 de data 15/12/2016. De acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*
- t) *Desestimar a alegación presentada por D. Enrique Alonso Rodríguez en representación da Sección Sindical de CC.OO co número de documento 160168909, de data 15/12/2016. En relación coa alegación, está resolta pola Sra. Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, incorporándose o devandito informe ao expediente no que conclúe coa desestimación da mesma de xeito motivada amparada na xurisprudencia que se cita.*
- u) *Desestimar a alegación presentada po Dona María Manuela Rodríguez Pumar, DNI 36062216X en calidade de responsable de Organización do Bloque Nacionalista Galego (BNG) da Comarca de Vigo, presenta alegación co número de documento 160169126 de data 15/12/2016. Propón 42 emendas por unha contía de baixas e novas dotacións ou suplementos por unha contía de 7.549.615,00 euros. As causas que motivan a desestimación, son a redución*

de contratos de tratamento do lixo na contía de 1.550.000 euros, cuxa dotación é necesaria para atender as necesidades de tratamento dos residuos sólidos urbanos. Os dos servizos complementarios de educación, que a emenda propón a súa anulación, o que suporía rescindir o contrato vixente. En relación coas dotacións que se corresponden coa promoción turística, de atender a alegación, suporía rescindir o contrato con Ryanair, coa indemnización preceptiva. Tamén se propón diminuír as contías dos contratos de subministro eléctrico das instalacións deportivas. A modificación de contratos ten que axustarse ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, nos casos que nos ocupa, como a contía da modificación supón unha modificación substancial, require a rescisión do mesmo. En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.

- v) No proceso anual de execución do orzamento, quedarán resoltas todas aquelas alegacións que poidan ter axuste orzamentario, ven dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos, ven tramitando modificacións orzamentarias ou con cargo á mesma aplicación orzamentaria cando esta teña un carácter xenérico e existe coincidencia na natureza económica do gasto da alegación. En consecuencia co anterior, a desestimación como tal, ten o seu amparo na causa obxectiva contida no artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. Nos casos de incumprimentos legais, tales son os supostos de modificacións de recursos afectados a gastos ou pola modificación de contratos, non será posible a súa viabilidade.
- w) *Desestimar a alegación presentada pola Federación de Asociacións de Veciños Eudardo Chao, e no seu nome Dona María Pérez González, co número de documento de identidade 36133187A, a través do rexistro administrativo da Xunta e con entrada no Rexistro do Concello, con número de documento 160170012, de data de 19 de decembro.* As causas que motivan a desestimación de acordo ao informe que se achega ao expediente, son: 1.- Polo carácter de financiamento afectado dos recursos, a súa aplicación non é libre, non sendo o destino proposto un dos previstos no artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. 2.- Por solicitar axudas nominativas a favor da alegante con minoración de dotacións que están sometidas a procedementos de concorrencia competitiva. 3.- En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación.
- x) *Corrección erros.* Na aplicación 2410.4700002, dice FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (SAFOOD), debe decir, FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (Sea Fest). Na aplicación 3230.2279911, dice VIGO POR DENTRO, debe decir, VIGO EDUCA. Na aplicación 3260.2279916, dice PROGRAMA DE ALFABETIZACIÓN, debe decir, PROGRAMA EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS.

y) *Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2017*, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2017, non habéndose producido ningunha alteración en relación co Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 21 de novembro de 2016, polo que, non se incorporan máis informes cos contidos inicialmente, coas excepcións dos relativos á resolución das emendas.

O proxecto de orzamento está integrado por:
 Orzamento da Entidade Local.
 Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.

A estrutura orzamentaria que se presenta axústase ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e a Orde 419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde 3565/2008.

Proxecto de Orzamento da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado economicamente¹, ano 2017

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidado
I	64.636.637,38	68.531.459,73	I	105.386.182,34	105.386.182,34
II	118.126.501,49	119.645.166,67	II	7.871.804,00	7.871.804,00
III	7.030,00	7.030,00	III	37.245.569,63	38.326.169,63
IV	32.884.979,13	27.061.579,13	IV	77.338.950,03	76.081.437,56
V	600.000,00	600.000,00	V	2.168.000,00	2.178.000,00
TOTAL	216.255.148,00	215.845.235,53	TOTAL	230.010.506,00	229.843.593,53
VI	13.528.498,00	16.221.498,00	VI	,00	2.500.000,00
VII	305.000,00	355.000,00	VII	80.000,00	80.000,00
TOTAL	13.833.498,00	16.576.498,00	TOTAL	80.000,00	2.580.000,00
TOTAL	230.088.646,00	232.421.733,53	TOAL	230.090.506,00	232.423.593,53
VIII	647.860,00	672.860,00	VIII	646.000,00	671.000,00
IX	,00	,00	IX	,00	,00
TOTAL	647.860,00	672.860,00	TOTAL	646.000,00	671.000,00
TOTAL	14.481.358,00	17.249.358,00	TOTAL	726.000,00	3.251.000,00
T.X. GASTOS	230.736.506,00	233.094.593,53	T.X.	230.736.506,00	233.094.593,53

1 Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai a XMU, e os ingresos que o organismo fai á Entidade. Ase mesmo, o axuste faise na XMU seguindo o mesmo criterio.

Proxecto de Orzamentos por Áreas de Gasto Entidade e consolidado, comparativo 2016-2017

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2017	2016		2017	2016	
0	Débeda Pública	,00	2.907.210,82	-100,00%	,00	2.907.210,82	-100,00%
1	Servizos Públicos básicos	115.904.718,25	111.689.558,63	3,77%	118.262.805,78	111.947.227,85	5,64%
2	Actuación de protección e promoción social	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%	20.564.950,32	18.952.703,38	8,51%
3	Producción B. públicos carácter preferente	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%	40.120.794,86	38.461.259,75	4,31%
4	Actuacións de carácter económico	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%	18.380.632,18	19.412.709,69	-5,32%
9	Actuacións de carácter Xeral	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%	35.765.410,39	34.249.874,93	4,42%
Total		230.736.506,00	225.673.317,20	2,24%	233.094.593,53	225.930.986,42	3,17%

Proxecto de Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2017	Importe 2016	Variación %	Importe 2017	Importe 2016	Variación %
1	3.894.822.35	3.894.822.35	0.00%			
2	1.518.665.18	1.440.240.37	5.45%			
3				1.080.600.00	1.365.489.77	-20.86%
4	1.325.512.47	1.375.512.47	-3.64%	5.891.400.00	5.705.407.84	3.26%
5				10.000.00	24.000.00	-58.33%
6	2.693.000.00	384.322.42	600.71%	2.500.000.00		100.00%
7	50.000.00		100.00%			0.00%
8	25.000.00	25.000.00	0.00%	25.000.00	25.000.00	0.00%
Total	9.507.000.00	7.119.897.61	33.93%	9.507.000.00	7.119.897.61	33.53%

- z) Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e supletoriamente á Xerencia Municipal de Urbanismo.
- aa) Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- bb) Aprobar o cadro de persoal da Entidade Local.
- cc) Aprobar o cadro de persoal do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- dd) En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

- ee) Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío o Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.
- ff) O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e terá os seus efectos dende o un de xaneiro.
- gg) De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición (artigos 45 e 46 da Lei 29/1998). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.
- hh) Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación ou polo órgano que teña a competencia, acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral.

3(206).- APROBACIÓN INICIAL DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS ANULANDO A INSCRIPCIÓN NO EPÍGRAFE I DO CAMIÑO FORTIÑON COMO VÍA PÚBLICA. EXPTE. 2377/244 (1470/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 3 de novembro de 2016, o xefe do Servizo de Patrimonio co conforme da xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e do concelleiro delegado de Patrimonio, emite a seguinte proposta,

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG)
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 39/2015, de 1 outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A teor da Resolución da Concelleira delegada de Urbanismo do 19 de novembro do 2015 na que interesa se proceda a corrixir a discrepancia existente entre a planimetría e as fichas de características do Inventario Municipal en relación ao camiño Fortiñón, dictouse orde de servizo polo Concelleiro delegado de Patrimonio o 24 de maio do 2016 para o inicio do correspondente procedemento administrativo.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do Servizo de Limpeza, de data 3-06-2016, no que sinalase que non se presta nin o servizo de recollida de lixo nin o de limpeza viaria no tramo indicado do cño. de Fortiñón en Saians.
- Informe do Servizo de Fomento, de data 5-08-2016, consonte non dispoñe de instalacións de mantemento de alumado público., existindo un cartel ao comenzo do camiño de "Propiedade Privada".
- Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 23-08-2016, no que sinala que segundo consta nos arquivos da unidade, o taller de vías e obras nunca realizou obras de mantemento no tramo do camiño Fortiñón. Engadindo que ó principio do camiño, na confluencia coa AV. Ricardo Mella, este tramo do camiño está pechado cun portal e letreiro de "Urbanización El Fortiñón-propiedade privada".
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 26-08-2016., conforme consultada a cartografía do voo Lecar do ano 1964 atopase o camiño Fortiñón cun trazado diferente a actualidade, tamen reflectido no catastro, e esta afectado polas aliñeacións do PXOU vixente.

I.

I. Así mesmo, no expediente de licenza tramitado co numero 77255-421, no que adoptouse a Resolución de data 19 de novembro do 2015 que motivou a

instrucción do presente procedemento, constan os seguintes informes de interes no procedemento:

II.

- Informe do arquitecto de Patrimonio consonte no inventario Municipal aprobado por acordo plenario en data 4 de maio de 1993, o camiño do Fortiñon figura na súa planimetría cunha lonxitude de uns 110 ml e nas fichas de características con orixe na Rúa interxecion Ricardo Mella e final en finca particular, cunha lonxitude de 231 ml e unha sección de 2.50 mts. En opinión do técnico, esta discrepancia parece deberse a un erro na delimitación do documento gráfico.
- Informe do Director adxunto dos Servizos Técnicos e do Topógrafo Municipal da Xerencia de Urbanismo, de data 24 de abril do 2014, no que conclúen que consultadas as cartografías do ano 1956 e do ano 1976 e a documentación aportada, entenden que o denominado camiño Fortiñon incluído nos terreos "Urbanización el Fortiñon" é de titularidade privada, debéndose iniciar o procedemento de descatalogación do camiño por Patrimonio.

III.

Terceiro.- Outorgado tramite de audiencia a AAVV de Saians, e propietarios de parcelas colindantes (Da M^a Pilar Valverde Roade, Comunidade Propietarios el Fortiñon), na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que poideran verse afectados polo expediente incoado, nos termos dos artigos 4 e 82 LPACAP, formularose as seguintes alegacións:

- Da M^a Pilar Valverde Roade en data 10/10/2016 manifesta que tratase dun camiño público, según resulta do informado polo arquitecto municipal o 2/5/2013, figurando no inventario municipal e nas fichas técnicas, debéndose a un erro gráfico a discrepancia reflectida da súa lonxitude que debería ser corregida; que igualmente figura reflexado no catastro e no derradeiro plan xeral con alineación na totalidade da súa lonxitude, dispoñendo de todos os servizos e recoñecido como de titularidade pública por varios dos propietarios das parcelas colindantes, polo que considera que negar agora que é un camiño público sería ir contra os propios actos.
- A Comunidade de Propietarios da Urbanización "El Fortiñon", formula alegacións en data 11/10/2016 nas que manifesta que dito camiño na totalidade do seu trazado é de titularidade privada pertencente á Comunidade alegante, tal como se deduce do informado polo topógrafo municipal o 24/4/2014, o que motivou se estimara parcialmente o recurso de reposición interposto contra a resolución da Xerencia de Urbanismo do 17/1/2013 de licenza de parcelación, confirmando o carácter privado do camiño, resolución estimatoria confirmada por sentenza do Xulgado do contencioso administrativo nº2 de data 26/9-2016, que achega.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto do presente

procedemento figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de Viales, como Camiño Fortiñon, na parroquia de Saians, con inicio na rua intersección Ricardo Mella e remate en finca particular, dunha lonxitude de 231 ml e sección de 5 mts, segundo consta na ficha de características técnicas, grafiada na folla cartográfica 5-39, como ben de dominio público afecto ó uso público na súa condición de vía pública.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do Cño. Fortiñon. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cúa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopáse a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicabeis non o esíxen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordeamento

xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 38 e 39 LPACAP).

Non obstante o Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo, que por sí mesmo non proba, crea, nin constitúe dereito algún a prol da Administración (neste senso o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación á Administración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non surten efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración), constituindo nembargantes unha ferramenta básica de información e na xestión interna do patrimonio das administracións públicas, así como para o exercizo das facultades que o ordenamento xurídico recoñece ás AAPP respecto ao seu patrimonio.

A inclusión de bens e dereitos en dito rexistro municipal, tal e como dispoñen a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal atribúese a súa titularidade ao Concello, e conseguintemente refrende os datos reflectidos no inventario. Dita documentación deberá archivarase de xeito separado do resto da documentación administrativa, e o seu lugar de arquivo constará consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada.

A controversia centrase na configuración ou non dese camiño do Fortiñon como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo, polo tanto a súa pertencenza ou non o demanio municipal, que virá determinada pola concorrencia de certos factores ou circunstancias de uso ou aproveitamento público e xeral, e do seu sometemento o ámbito competencial da administración en cuestións de conservación e policía, e mais en supostos nos que atinxe as vías públicas, dada a especial natureza que na maior parte acontece nestes casos nos que se trata de camiños ou antigas rúas que poden non responder a un título xurídico documental previo, se non mais ben a un proceso continuado no tempo do uso e aproveitamento público e xeral polos veciños nos que a administración presta progresivamente os seus servizos ata a consolidación deses espazos como integrantes do demanio público.

O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dando de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil.

Neste senso, dos informes técnicos emitidos durante a instrución do expediente

resulta que dito vial se atopa pechado no seu inicio pola existencia dun portal onde figura a lenda “propiedade privada”, discurrindo polo seu interior, e no que os servizos municipais non realizan labores de mantemento e conservación, nin o servizo de recollida de lixo ou de limpeza viaria, non dispoñendo igualmente de instalacións de mantemento de alumado público.

Así mesmo, según concluen os técnicos da XMU (informe do 24-4-2014), da cartografía do ano 1956 e do ano 1976, así como da documentación achegada, dito camiño atopase incluído nos terreos da “Urbanización El Fortiñon”, sendo polo tanto de titularidade privada polo que propoñe a súa descatalogación

O exposto leva a considerar que o camiño carece dun uso público, entendido como utilización por unha xeneralidade indeterminada de persoas sen que o uso duns impida o dos demais interesados, e cuxa conservación e policía sexa competencia municipal (arts. 3 e 75 do RBEL), toda vez que no presente caso serve soamente de acceso as fincas que conforman dita urbanización, discurrindo polo seu interior e tendo restrinxido a súa utilización xeral pola existencia dun peche ó inicio do mesmo, rematando finalmente en terreo privado sen ter continuidade nin enlazar contra outra vía pública, e onde non prestanse os servizos de conservación e mantemento municipais.

O seu orixen responde a construción da urbanización nos anos 70, non coincidindo o seu trazado co que figura na cartografía do voo lecar do ano 1964 (informe de cartografía do 26/8/2016). As escrituras públicas de compravenda de data 2/3/1973 (nº 803 do protocolo notarial de D. Alberto Casal Rivas) e a de parcelación e regulación de comunidade da data 26/7/1974 (nº 2540 do protocolo notarial de D. Alberto Casal Rivas), aportadas pola Comunidade de Propietarios da “Urbanización El Fortiñon” ao expediente 77255/421 de licencias, reflexan que a urbanización asentase sobre unha parcela de 8.500 m² aproximadamente, na que proxectouse a construción dun complexo residencial integrado por 6 chalets e unhas zonas comúns ás que accedese a través dos viais da propia urbanización. Os titulares de cada chalet, segundo as normas de comunidade contidas na devandita escritura pública polas que se rixe a comunidade de propietarios da urbanización, participan na propiedade dos elementos comúns da mesma, entre os que citase as zonas de viais, dispoñendo que non se poderan transmitir ditas cuotas sen a enaxenación conxuntamente coa vivenda correspondente. Así mesmo prevee a reserva do dereito de dar acceso polos viais da urbanización a predios de igual situación nun número de catro chalets máis. Condición que responde o dereito de disposición que ten todo propietario e a potestade para o establecemento nas fincas da súa pertenza das servidumes que teña por conveniente no modo e forma que estime, sempre que non contraveña as leis nin a orde pública, como a necesidade de fixar por onde se serven as fincas segregadas e as demais que resulten de igual procedencia.

Do exposto deduce-se que o terreo á que dan fronte as citadas parcelas e polo que

se serven ten orixe privado, tratándose dun elemento comun, neste caso, dun vial de servizo da propia urbanización constituído pola propiedade con ocasión da parcelación efectuada. De tratarse dun vial afecto ao uso público, e polo tanto de cesión obrigatoria a administración, nese intre resultaría ineficaz e inecesario o establecemento da condición mentada, xa que a natureza xurídica dos bens demaniais (titularidade pública e afectación o uso xeral ou servizo público Art.4 LPAP) os configura como bens *extra commercium*, inalienables e imprescriptibles, imposibilitando que poidan ser obxecto de transacción entre particulares; e por outra parte, de dar fronte a camiño público as parcelas, xa dispondrían do acceso e demais dereitos á que a clausula refírese e pretende garantir.

Resulta reseñable que nos acordos da Comisión Municipal Permanente nos que autorizouse a construción dos chalets da urbanización, declarouse a indivisibilidade da parcela de 8.500 m2 sobre a que realizouse a súa edificación e a necesidade da inscrición desta no rexistro da propiedade sen que, pola contra, dispoña obriga algunha á propiedade de cesión de terreos a favor da administración, neste caso, do vial interior da urbanización que serve da acceso as construcións autorizadas.

Quinto.- Consecuente co exposto, e circunscibíndose ao que é obxecto da resolución administrativa a adoptar, podese deducir a súa incorrecta inclusión no epígrafe I Inmobles-Viais do IMBD, ó non responder na realidade a un camiño de uso público de titularidade municipal, resultando consecuente pertinente a rectificación inventarial dando de baixa, sen que en modo algún supoña atribución ou recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol de terceiros e coa finalidade de adecuar dito rexistro municipal ó resultado das comprobacións feitas e a necesidade de que o Inventario reflicte a realidade patrimonial do Concello, ó non dispoñer doutros datos nos que poder fundamentar ou basear dita inclusión, de acordo co disposto no RBEL.

En calquera caso, a rectificación non supón en modo algún, obstáculo ou imposibilidade para o cumprimento e execución das previsións do planeamento vixente, no que atinxe ao vial proxectado, xa que resultando o inventario municipal un mero rexistro administrativo, evidencia, no suposto que nos ocupa, unha discordancia dos seus asentos co resultado da comprobación e investigación levadas a cabo no presente caso, resultando polo tanto insuficiente para determinar unha titularidade pública, ou para o exercizo das facultades ou potestades administrativas atribuídas polo ordenamento xurídico as AAPP en relación do seu patrimonio.

A previsión polo Plan Xeral de ordenación municipal vixente dun vial público que comprende a traza de dito camiño, como informouse polos servizos técnicos da XMU, habilita a posibilidade da súa execución mediante os procedementos legais contemplados na LOUGA.

A documentación na que se instrumentalice a execución do planenamento para a obtención do vial proxectado, servirán de base para a inclusión no epígrafe

correspondente do IMBD (art.17, 18 e 30 RBEL). Correspondendo á Xerencia Municipal de Urbanismo, a competencia en materia de xestión urbanística no termo municipal de Vigo(art. 2 dos seus Estatutos).

Sexto.- Órgano competente para a resolución da rectificación inventarial promovida pola Xerencia Municipal de Urbanismo. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).

En mérito ó exposto, se propón ó Pleno Municipal, previo informe da Secretaria de Administración Municipal, e da correspondente Comisión informativa, a adopción do seguinte acordo:

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 30 de novembro, o Secretario da Administración Municipal emite informe favorable.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión ordinaria de 19.12.2016, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

1º.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos,

anulando a inscrición como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, do Camiño Fortiñon, na parroquia de Saiáns do termo municipal de Vigo.

2º.- Somete-lo expediente a información pública durante o prazo de un mes os efectos de resolver eventuais reclamacións.

3º.-O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

4(207).- PROPOSTA DE ACORDO DE REALIZACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO TÓDOLOS ÚLTIMOS MÉRCORES NON FESTIVOS DE CADA MES ÁS 9,00 HORAS. EXPTE. 1471/1110

PRESIDENTE: Hai un escrito asinado polo voceiros do grupo Popular e do grupo de Marea de Vigo solicitando unha retirada do punto para poder pactalo.

Queda retirado e procedemos a un proceso de diálogo para ver se hai un acordo, volverá a tratarse esta cuestión no Pleno do mes de xaneiro.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

5(208).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á

XUNTA DE GALICIA A LEVAR A CABO AS MODIFICACIÓNS NECESARIAS PARA GARANTIR UNHAS OBRAS EN CONDICIÓNNS RESPECTO AO CEIP ALFONSO R. CASTELAO. REXISTRO PLENO 1485/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2016, número 1485/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O sentir xeral das familias en relación ás obras do CEIP Alfonso R. Castelao, manifestaba a través da Anpa “O Muiño” a referendada por FOANPAS, é que debe facerse unha ampliación madurada e consensuada para evitar que se teñan que facer arranxos posteriores, e para contribuír a ofertar unha educación e servizos complementarios de calidade. Logo de ser revisada a documentación sobre a ampliación do CEIP Alfonso R. Castelao, atópanse numerosas e importantes deficiencias que cómpre corrixir, espazos claramente insuficientes, biblioteca e ximnasio reducidos, sistema de calefacción insuficiente, etc.

Por todo o anterior propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte,

ACORDO

-Instar á Xunta de Galicia, a levar a cabo as modificacións necesarias para garantir unhas obras en condicións respecto ao CEIP Alfonso R. Castelao, tendo en consideración as numerosas deficiencias denunciadas, e así contribuír a ofrecer unha educación de calidade.”

DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: Que Navia é un núcleo de poboación da nosa cidade en crecemento só fai falla pasear por alí para comprobalo, que nesa zona hai moitos nenos/as en idade escolar, pódese comprobar facilmente e sobre todo nestes días de vacacións onde aproveitan para xogar cos agasallos de “Papá Noel” e eses nenos/as precisan unha praza nun centro escolar da súa contorna por iso o CEIP Alfonso Rodríguez Castelao precisa unha ampliación e ata aí todos de acordo, e o Concello de Vigo puxo a súa parta achegando os terreos para esa ampliación e a Consellería de Educación, a Xunta de Galicia vai facer as obras, no 2017 o investimento en infraestruturas educativas na nosa cidade por parte da Xunta de

Galicia queda reducida as ampliacións do Colexio Público de Navia, deste colexio e do instituto de Teis, pero ademais a ampliación do Colexio de Navia está programada en tres anos, e iso que había moita presa, pero o problema máis grave empeza cando a comunidade educativa do Colexio Castelo revisa a documentación sobre esa ampliación, porque se atopan numerosas deficiencias moi importantes nunha obra nova a realizar, que non contempla espazos educativos imprescindibles para desenvolver unha educación de calidade. Os que traballamos en educación pensamos que a Xunta de Galicia cre que os centros educativos cambiaron pouco, primeiro, polo pouco investimento feito nas súas infraestruturas e segundo, pola súa nula aposta en novos investimentos, se chegase a visitarnos un habitante de hai 100 anos sorprenderíase de moitas cousas, das cidades, do tráfico, do funcionamento, das fábricas, dos medios de comunicación, pero posiblemente cando visitase algunha escola pensaría que aí as cousas continúan de forma parecida a hai moitos anos, os mesmos colexios construídos hai case 40 anos, alumnos sentados, un mestre sentado diante dunha pizarra explicando e os alumnos escribindo nos seus cadernos e tratando de memorizar o que se lles explica, pero non é verdade, hoxe en día non se entende a necesidade de cuadrricular a aprendizaxe e crear novos centros educativos como se os mesmos tivesen que cingirse aos mesmos patróns, fai falla volver facer da escola un lugar privilexiado de aprendizaxe e de crecemento persoal. A escola que se merece o alumnado de hoxe, que son nenos/as, mozos/as do século XXI non é a escola onde estudamos moitos de nós, a escola do século XXI ten que dar resposta á realidade de hoxe e á de mañá, complexa e cambiante, un ensino baseado unicamente na transmisión da información non é unha educación para o século XXI, as novas xeracións deben utilizar modos diferentes de traballo, ser capaces de extraer coñecementos relevantes da información que nos rodea, aprender de xeito colaborativo e desenvolver competencias e nova habilidades, por iso na actualidade as escolas xa crearon espazos para compartir, para reunirse, para pensar en grupo, para reflexionar a soas, para traballar en equipo e crear novos proxectos, hoxe en día xa non serve a escola nin os modelos de aprendizaxe de hai 100 anos, a sociedade futura demanda individuos creativos, emprendedores, críticos, competentes nas novas tecnoloxías, autónomos, con altas dotes sociais e que se adapten facilmente ao futuro.

A mocidade de hoxe non sabemos que será no futuro, pero deberán ter os recursos necesarios para adaptarse ao que veña, e para formar esa futura cidadanía fan falla aulas, claro que si, pero tamén unha biblioteca, un ximnasio, vestiarios, salón de actos adecuados como os demandados pola comunidade do CEIP de Navia e hoxe en día non se entende un centro que non poda dar uns servizos tan demandados pola familia como o comedor, a aula matinal, as actividades extraescolares, algo si apoiado por este goberno e por este Alcalde a través do convenio con FOAMPAS, pero non por outras administracións, o sentir xeral das familias en relación as obras do CEIP Alfonso Castela manifestada a través da súa ANPA e referendada por FOAMPAS e que debe facerse unha ampliación madurada e consensuada para evitar que se teñan que facer arranxos posteriores, e para contribuír a ofertar unha educación e servizos complementarios de calidade.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Dende o noso punto de vista non hai moito que debater no acordo que propón esta moción, así que moi telegraficamente a participación directa das persoas que utilizan día a día as instalacións e polo tanto coñecen as necesidades do centro, é imprescindible, sen a opinión do corpo docente as ANPAS malamente poderase facer un proxecto en condicións que cubra as necesidades das/os alumnos, cando se fai un investimento público, ben sexa na educación, ben sexa en calquera outro ámbito a participación directa das persoas afectadas só pode mellorar a satisfacción das afectadas, esa é ou debería ser a labor da política, mellorar as condicións obxectivas das persoas.

Proxecto nun colexio? ANPAS, corpo docente. Orzamentos? Cidadanía, de primeiro de democracia é así de simple.

En canto ao acordo concretamente modificar o proxecto para garantir unhas obras en condicións pois parécenos perfectamente razoable pero xa veremos como remata, así que imos apoiar esta moción sen máis.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Sra. Alonso, outra vez a falla de rigor nas súas mocions en materia de educación déixannos abraidos porque ademais a súa exposición agora non ten moito que ver no que vostede presenta no escrito da moción. En primeiro lugar, no texto da moción di que toma a decisión de presentala despois de revisar a documentación e poño xa entre aspas, pero gustaríanos saber

que documentación porque no mes de agosto o conselleiro presentou no CEIP Castelao ante o equipo directivo, ante os medios de comunicación, ante algúns membros da comunidade educativa, incluso país e alí pois todos quedaron encantados e non houbo moitas pegas, por iso gustaríanos que explique que quere dicir cunha ampliación madurada e consensuada porque madurada non sabemos de onde e consensuada se alí estaba a comunidade educativa e falaron ademais incluso de toda a ampliación cos planos diante, sabían perfectamente en que consistía a ampliación, consensuada con técnicos, arquitectos, pois mire, o proxecto de ampliación foi validado polos técnicos e arquitectos da Consellería de Educación e axústanse á normativa e máis, seguidos estritamente os parámetros técnicos recollidos no Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos dos centros de infantil, primaria e secundaria, por certo, ademais é un Real Decreto aprobado polo goberno Socialista, non sei se vostede o coñece, que esixe unha serie de parámetros para que as instalacións educativas cumpran unha serie de requisitos técnicos porque ademais isto é un tema estritamente técnico e non político. En segundo lugar, di que son espazos claramente insuficientes, nós tamén nos preguntamos que espazos, para que, onde? Porque vostede non o especifica na súa moción. Saiban que actualmente estanse a desenvolver as obras correspondentes á primeira fase do proxecto, xa dixo vostede que hai varia fases, que permitirán ampliar a capacidade do centro dunha liña por curso escolar a tres e que suporá a creación de 450 novas prazas escolares para dar resposta ao incremento do alumnado do centro nos últimos anos e á previsión de crecemento futuro nesa zona, como vostede tamén ben dixo na súa exposición. Ademais construírase un novo módulo independente de educación infantil con nove aulas, con aseos incorporados, sala polivalente, tres aulas de desdobre, espazos comúns e outras instalacións. En terceiro lugar, di vostede na súa exposición tamén de motivos na moción que conta cunha biblioteca e ximnasio reducidos, reducidos con respecto a algo ou pequenos ou reducidos en que sentido, tampouco especifica por que, saiban tamén que en 2017 está prevista a licitación da segunda fase que suporá a demolición da cuberta para posibilitar a ampliación do edificio existente de 1.439,90 metros cadrados para once aulas. Polo tanto, a moción non hai por onde collela, a moción é unha exposición de motivos políticos, cando estamos a falar dun criterio estritamente técnico para a ampliación dun

colexio. Finalmente fala vostede dun sistema de calefacción tamén insuficiente, eu creo que por ampliar a lista e non explica nin propón outra cousa en que é insuficiente, en que sentido por que e se o sistema o coñece vostede, se é pola calefacción non explica tampouco por que, sen argumentos concretos, cuestionando por cuestionar sempre o mesmo, é dicir, fan unha lista de todo o que lles ocorre, que pode estar mal, e creo que fan dun tema estritamente técnico algo político, non creo que sexa nada positivo para a comunidade educativa, para esta cidade porque se a Xunta de Galicia non fai nada non fai nada, se fai a ampliación as fai mal, se fai outra ampliación no instituto de Teis é pouco, se mellora os informes PISA, o informe PISA está mal porque como está gobernando o Partido Popular, a verdade creo que, vostedes señores socialistas, non van dar nunca respostas ás necesidades da escolarización e esta ampliación só ten matices positivos, e unha ampliación dunha escola suxeita a uns parámetros técnicos para dar resposta ás necesidades do Pau de Navia que é unha zona de Vigo que crece en poboación, afortunadamente. Entón, nós dicimos ademais que isto é unha instalación que ten proxección de futuro porque está adaptada tamén, vaise adaptar a Formación Profesional básica e aos ciclos formativos de 2.000 horas, o proxecto de ampliación é acorde coa normativa vixente, polo que non podemos admitir interpretacións tendenciosas ou carentes de rigor, é dicir, fala vostede de hai séculos, isto é unha ampliación dun colexio, cuns parámetros técnicos estritos que cumpren a normativa, entón polo tanto imos votar en contra, porque votar a favor desta moción suporía votar en contra da mellora das infraestruturas educativas desta cidade, sería ir en contra de Vigo e dos alumnos da zona de Navia que están reclamando a ampliación dese centro CEIP de Castelo. O proxecto de ampliación do CEIP Castelao está feito, insisto, cuns criterios estritamente técnicos e non políticos e vostedes sigan presentándonos mocións de educación porque o Partido Popular non ten máis que sacar peito e que ademais non só en infraestruturas porque xa estou coa lista outra vez, teño aquí a lista, das obras que fixo a Consellería de Educación dende o ano 2009 que non son pouco e que aínda ten proxectadas máis ampliacións e ademais tamén non só nos dan a razón en contido, tamén en materia de calidade e temos que ir da man, temos que traballar xuntos na educación e non facer política con este tema.

SRA. ALONSO SÚAREZ: Lembráronme por aquí que creo que está vostede equivocada de día na súa intervención porque o 28 e mañá, probablemente sexa iso. Primeiro, hai un problema que é que nin a Consellería nin a Xunta de Galicia escoita á comunidade educativa, díxoo o compañeiro de Marea de Vigo, cando hai que facer unha obra e todos estamos de acordo en que hai que facela, o único que se pide é que se escoite á comunidade educativa para facer esa obra, e non como se constrúe senón como se distribúe o que fai falla, o que hai que facer para que esa escola funcione, os que mellor saben o que precisan é a comunidade educativa dese centro porque están alí tódolos días. O rigor téño eu cando falo de educación porque estou na escola tódolos días e non son eu a que demanda, hai algúns que valemos para estar na escola e no Concello Sr. Fidalgo, hai algúns que valemos para estar en tódalas partes pero o que demandan é moi fácil, simplemente que se lles escoite, que simplemente teñan en conta o que eles piden e non se fai, e que é moito pedir que xa que hai unha ampliación é moito pedir que haxa unha biblioteca que sexa o motor deses nenos/as para aprender por exemplo a lectura o para aprender a traballar a escritura, é moito pedir que sexa unha biblioteca en condicións, é moito pedir que teñan un ximnasio onde tódolos nenos/as usuarios dese centro poidan desenvolver a súa actividade física pero sobre todo, podan traballar unha vida saudable, é moito pedir que teñan uns vestiarios onde simplemente traballen a súa hixiene, non, eu creo que non é nada pedir, é moito pedir que a comunidade educativa teña un comedor en condicións para que eses nenos a parte da súa parte lectiva poidan compaxinar os seus pais o traballo, é moito pedir? Non.

PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo, cada vez que me sento aquí a presidir téñoille que chamarlle a atención, vostede non está no uso da palabra nin é o voceiro desta moción, deixe de interromper e permita que fale aquel que ten o uso da palabra, prégo.

SRA. ALONSO SÚAREZ: Eu só lle vou dicir unha cousa, un goberno como o da Xunta de Galicia cunhas políticas como a LONCE, onde simplemente quitouse a posibilidade de que os pais puidesen tomar decisións na comunidade educativa, é un goberno que non quere escoitar a ninguén, nin a comunidade educativa nin aos

pais, nin aos mestres nin a ninguén, iso non é un goberno que ten que gobernar.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde)

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López,, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.12.2016 (Rex. Nº 1485/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

6(209).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 27 de outubro e 22 de decembro de 2016.

**7(210).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR
CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 27 de outubro e 22 de decembro de 2016.

**8(211).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 8.11.2016,
DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA
XUNTA DE GOBERNO LOCAL. EXPTE. 90/1102 (REXISTRO PLENO 1475/1101)**

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 8 de novembro de 2016, que di o que segue:

“Vista a proposta de delegación de competencias de data 7 de novembro de 2016, do Xefe do Servizo de Administración Electrónica, conformada polo Concelleiro Ddo. De Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, co seguinte contido:

“Por Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 adoptouse acordo de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local sobre a base da súa natureza de órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas legalmente atribuídas.

A aprobación e posterior entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público esixe redefinir o marco de competencias entre os diferentes órganos municipais, en relación co despregue das novas tecnoloxías e a adopción dos acordos de adaptación ás continuas novidades normativas que se están a producir.

As referidas normas, así como a normativa sectorial, non contemplan, con carácter xeral, a atribución de competencias no ámbito local, polo que opera automaticamente a coñecida como cláusula residual para os municipios de gran poboación, recollida no artigo 124.4 ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), polo que este tipo de asignacións materiais recaerían no Alcalde-Presidente da Corporación.

Sen embargo, a citada resolución recollía a delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto no artigo 124.5 LRBRL, entre outras, a *competencia para a "aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos"*, recoñecendo a esta, na súa condición de órgano que colabora colexiadamente na dirección política, a idoneidade para a toma de decisións neste ámbito e cun alcance global para a totalidade da organización municipal.

Precisamente, en exercicio desta competencia delegada, e no marco da implantación e adaptación aos novos escenarios normativos, tecnolóxicos e organizativos expostos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 4 de novembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Impulsar a elaboración do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na aliñación das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.

Segundo.- A dirección política do Plan corresponderalle ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, quedando facultado para a adopción das medidas executivas e de desenvolvemento que resulten precisas.

Terceiro.- Constituír, a efectos de garantir a realización dos traballos materiais precisos, a Comisión Técnica do Plan, que se integrará por:

IV. O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns

V. A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo

VI. A Secretaria do Goberno Local, Dna. M^a Concepción Campos Acuña

VII. O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez

VIII. A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. M^a del Carmen Pazos Area

que poderá propoñer ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para garantir a consecución dos obxectivos previstos no Plan.

Cuarto.- Todas as áreas e servizos municipais deberán colaborar no desenvolvemento dos traballos de elaboración, desenvolvemento e execución do Plan, e cando así resulte oportuno, a Comisión Técnica propondrá ao Concelleiro responsable a constitución, mediante a respectiva resolución, de Grupos de Traballo Sectoriais nos que se deberán integrar, polo menos, os responsables das áreas e servizos municipais afectados, aos que lles corresponderá a responsabilidade na tramitación dos expediente que afecten ao seu ámbito competencial que se deriven do Plan, coa correspondente emisión de informe-proposta e seguimento na súa execución.

Quinto.- De resultar necesario, para a concreción deste Plan, o despregue de produción normativa local á que resulte de aplicación o tramite de consulta

pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, esta desenvolverase, con carácter previo á redacción do texto normativo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os Xefes de Área e de Servizo e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e polo conxunto da organización municipal.

Polo exposto, para unha mellor e máis eficiente xestión administrativa na materialización das diversas obrigas legais dun xeito coordinado e aliñado no cumprimento dos seus obxectivos, así como pola transversalidade dos sectores implicados, resultaría preciso ampliar o réxime de delegacións do Alcalde na Xunta de Goberno Local, en base aos fundamentos legais anteriormente precisados, formúlase ao Alcalde-Presidente a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica.

Esta delegación enténdese sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería Dda de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, de desenvolvemento en materia de administración electrónica.

Segundo.- A presente delegación someterase ao réxime xeral de delegacións previsto na normativa e, en particular, ao disposto na citada Resolución de Alcaldía de 19 de xuño de 2015.

Terceiro.- Notificar a presente ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, aos membros da Comisión Técnica para a Transformación Integral da Administración Municipal, e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e do conxunto da organización municipal.”

RESOLVO, prestar aprobación á precedente proposta e, en consecuencia:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica.

Esta delegación enténdese sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería Dda de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, de desenvolvemento en materia de administración electrónica.

Segundo.- A presente delegación someterase ao réxime xeral de delegacións previsto na normativa e, en particular, ao disposto na citada Resolución de Alcaldía de 19 de xuño de 2015.

Terceiro.- Notificar a presente ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, aos membros da Comisión Técnica para a Transformación Integral da Administración Municipal, e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e do conxunto da organización municipal.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

9(212).- DAR CONTA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL DA ALCALDÍA, E NOMEAMENTO DE ADXUNTO/A DIRECTOR DE GABINETE DE ALCALDÍA. EXPTE. 82/1102 (REXISTRO PLENO 1476/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 7 de setembro de 2016, que di o que segue:

**MODIFICACIÓN PERSOAL EVENTUAL DA ALCALDÍA
PROPOSTA ADSCRICIÓN ADXUNTO/A DIRECTOR DE GABINETE
ALCALDÍA**

“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 29 de abril de 2016 acordou Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e rectificacións publicadas no BOP de 26/03/2012, 12/01/2012, 23/05/2012, 03/08/2012 18/09/2012, 27/02/2013 e, 08/05/2013, aos efectos de adecuar a mesma ao Cadro de Persoal para o presente ano 2016, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 09/12/2015, no seguinte senso:

1.- Creación de dous postos de “Asesor/a Alcaldía eventual”, Cód. Retributivo 904, cunhas retribucións para o ano 2016, de 30.380,84€ anuais en 14 mensualidades, no Gabinete da Alcaldía, cód. 101.

2.- Amortización dun posto de "Auxiliar Alcaldía eventual", Cód. Retributivo 902, cunhas retribucións para o ano 2016, de 21.710,08€ en 14 mensualidades, no Gabinete da Alcaldía, cód. 101.

3.- Redenominación dun posto de "Auxiliar eventual valedor", Cód. Retributivo 911, nun posto de "Auxiliar Alcaldía Eventual", cód. 902, cunhas retribucións para o ano 2016, de 21.710,08€ en 14 mensualidades, no Gabinete da Alcaldía, cód. 101.

O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 26 de xullo de 2016 acordou, entre outros, autorizar a "Modificación do cadro de persoal" vixente (Publicación: BOP Nº 170, do 06 de setembro de 2016) na que se encadrou a "Modificación de 1 praza vacante de asesor/a Alcaldía, encadrado no persoal eventual, a fin de que sexa denominada "adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía", cuxas retribucións asociadas deberán incrementarse en 11.327 euros anuais".

O artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público configura como persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, so realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos presupostarios consignados para este fin.

O réxime do dito persoal para o ámbito local atópase regulado nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, complementada para os concellos de gran poboación, como o de Vigo, polo disposto no Título X da dita norma, no marco dos límites derivados da reforma local.

Vistos os acordos de determinación de persoal eventual municipal e vista a necesidade de nomeamento dunha persoa en calidade de persoal eventual de Alcaldía quen ostentará o posto de adxunto/a Director de Gabinete de Alcaldía.

Conforme ao disposto no artigo 127.1 h) LRBRL, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar o número e réxime do persoal eventual, polo que esta Alcaldía-Presidencia, no exercicio das competencias legalmente atribuídas, formula a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Modificar os acordos da XGL 15/06/15, 13/08/15 e 29/04/16 de adscrición de persoal eventual de Alcaldía para a súa adecuación á vixente Relación de Postos de Traballo e cadro de persoal e, en consecuencia, modificar 1 praza vacante de asesor/a Alcaldía, encadrada no persoal eventual, a fin de que sexa denominada "adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía en réxime de xornada completa, cunha

retribución bruta anual de 41.707,84€.

Segundo.- Adscribir á Alcaldía unha persoa que ostentará a condición de persoal eventual como adxunto/a Director de Gabinete. Deste xeito o número de persoal eventual adscrito á Alcaldía será de sete persoas cos seguintes postos: secretaria do alcalde, directora de comunicación, director de gabinete, adxunto/a director de gabinete; dous postos de asesora e un posto de auxiliar administrativa.

Terceiro.- A dedicación plena do dito persoal implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria, a incompatibilidade para calquera actividade pública ou privada por conta allea ou propia.

Cuarto.- As retribucións anuais brutas deste persoal aboaranse en catorce pagas e revisaranse anualmente na mesma proporción que as do resto do persoal ao servizo do Concello.

Quinto.- A condición de persoal eventual implicará en todo caso a aplicación do réxime que para o mesmo contempla o artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público e normativa de concordante aplicación, podendo ser libremente nomeados e cesados consonte ao citado precepto.

Sexto.- Dispoñer que o nomeamento do persoal eventual se realice por Resolución da Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias atribuídas polo artigo 124.4, apartados b) e i), debendo publicarse a citada resolución no diario oficial que corresponda, xuntamente coas retribucións e réxime de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial.

Sétimo.- Establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número de los postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Oitavo.- Notificar o presente acordo á Alcaldía, Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior e Xefatura do Servizo de Recursos Humanos aos efectos oportunos. Proceder á súa publicación na sede electrónica municipal de conformidade co disposto no art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

**10(213).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO
DIVERSAS ACTUACIÓNS PARA A RECUPERACIÓN DO RÍO LAGARES.
REXISTRO PLENO 1474/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de decembro de 2016, número 1474/1101, o voceiro do grupo municipal da Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A mellora da situación medioambiental do río Lagares no seu tramo urbano e nos tramos que transcorren no rural vigués, segue sendo unha materia pendente deste Concello. Ao longo dos anos, diversas agresións ambientais pero tamén en forma de infraestruturas e actuacións urbanísticas teñen posto en risco o xa feble ecosistema fluvial que existe no río. Verquidos incontrolados, recheos, modificacións de tramos, e desvíos de canles, teñen posto ao Lagares en colapso ambiental permanente, ao que nunca se lle procurou solución e sempre contou con escaso recorrido orzamentario a nivel local nas diferentes lexislaturas.

En datas recentes, a Comunidade de Montes de Cabral iniciou unhas obras na beira do lagares ao paso pola parroquia que, paralizadas nun primeiro momento por graves incumprimentos ambientais e legais, foron autorizadas de novo neste 2016 coa suposta garantía de que o Concello estaría establecendo medidas de control para que as obras que se levasen a cabo se axustaran ao proxecto autorizado.

En vista deste proxecto, e ao marxe de contar coa preceptiva autorización, colectivos e organizacións ecoloxistas como Os Verdes, Equo e Lagares Vivo alertaron dos perigos desta actuación nas ribeiras do río Lagares e no entorno por varios motivos que expuxeron no seu día, así como as propostas en canto ao desenvolvemento do proxecto que deberían ser tomadas en conta á hora de autorizar actuacións deste calado que reproducimos a continuación:

En primeiro lugar, este proxecto debería ter sido minuciosamente estudado e planificado, e mesmo integrado con outros proxectos parellos (paseo á altura do polígono de Miraflores actualmente tamén proxectado) para cumprir criterios comúns en canto ao deseño e características construtivas, para que no caso de realizar unha conexión de todas esas rutas non se aprecien cambios aparentes no deseño.

Analogamente deberíanse esixir estudos ambientais en todas as intervencións para determinar as áreas de alto valor biolóxico e ecolóxico, co obxectivo de salvagardar os ecosistemas no mellor estado posible e con mínimas modificacións do estado orixinal. Concretamente, as obras levadas a cabo en Cabral deben garantir a preservación íntegra da zona de Chans das Rás, onde, por exemplo, florece entre febreiro e marzo a especie *Narcissus cyclamineus*, raro endemismo de Galiza e norte de Portugal. É indispensable que as obras do sendeiro manteñan

esta paraxe intacta e non se leve a cabo ningunha acción que implique movementos de terras nin ningún outro tipo de acción destrutiva no terreo. Deberíanse, asemade, instalar sinalética informativa para que os usuarios do sendeiro coñezan esta especie e valoren a súa importancia ecolóxica.

O proxecto debería ir acompañado dun plan sobre a recuperación do espazo físico público do río, coma os 5 metros dende o punto de máxima crecida, co fin de especificar se se vai expropiar ou facer concesións de uso dos terreos, actualmente ocupado por construcións, naves e estradas e camiños. O obxectivo é crear un “corredor verde” de 10 m de ancho, 5 a cada lado, e unha zona natural nas marxes do río que sirva tanto para un lugar de lecer e recreo, como para ser garante da función biolóxica de recuperación de fauna e flora.

Sería preciso ademais prohibir calquera intervención que modifique a canle natural do río, debéndose manter un mínimo de 2 metros dende a ribeira habitual do río ata calquera obra, desterro ou construción, co fin de alterar o mínimo posible o seu estado natural.

Deberíase incluír ademais un listado de flora permitida na reforestación de tramos do río, previo estudo das árbores naturais do mesmo, así como un listado de flora e fauna invasora a eliminar para evitar a competencia ca flora e fauna autóctona.

Todos os planos de actuación deberían conter de xeito detallado os mecanismos de mantemento e conservación dos sendeiros que se contemplan.

Alén disto, os promotores dos tramos de senda deben ser os responsables do cumprimento integro de todas estas condicións, sendo por tanto os encargados de notificar calquera punto de vertedura, contaminación ou residuos que atopen durante a construción na zona do permiso para que as administracións competentes poñan solucións a eses puntos negros de contaminación. Tamén é imprescindible que as autoridades competentes realicen un seguimento dos traballos durante a execución dos mesmo para comprobar que estas cumpran os requisitos ambientais estipulados.

As actuacións non poden ser illadas e deben estar inseridas nun plano máis ambicioso de recuperación integral do río en todo o seu curso. Neste sentido, propóñense unha serie de medidas necesarias para ir avanzando nesta dirección, e por elo, o Grupo Municipal da Marea de Vigo traslada esta proposta de

ACORDO

Asumir as seguintes medidas como primeiro paso cara a óptima recuperación do río Lagares:

- 1.- Declaración do curso alto do río como Espazo Natural de Interese Local.
- 2.- Posta en valor do patrimonio que se atopa no curso do río coa limpeza das pintadas e a colocación de paneis que informen das súas características e historia, en lugares como a ponte medieval de Castrelos e outros lugares de valor

patrimonial.

3.- Acometer con carácter urxente un Plan de recuperación e rexeneración do río no tramo que transcorre pola parroquia de Lavadores, xa que é o que ofrece peor estado, ata o extremo de que en boa parte é imposible o acceso ao río.

4.- Posta en marcha dun Plan de Prevención e Vixilancia polos verquidos que sofre o río (na actualidade, a cantidade e intensidade de verquidos que recibe resulta intolerable) que inclúa, como mínimo, os seguintes puntos:

a) A conexión das casas á rede de residuais para evitar verquidos fecais e de deterxentes.

b) O selado de tubaxes que dan ao río e a eliminación dos focos de polución.

c) Control sobre as industrias para que cumbran coa normativa de tratamentos de residuos.

d) Implementación de tecnoloxías limpas nesas mesmas industrias.

e) Control exhaustivo da calidade das augas e do ecosistema fluvial, mediante análises periódicas.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Hai temas moi importantes na cidade de Vigo, isto non sei se será como o fútbol que hai mercado de revenda e polo tanto se o Partido Socialista non vai a empregar as súas mocións, gustaríanos a outros grupos poder empregalas porque creo que é bastante limítante só poder presentar unha moción a este Pleno cando nin sequera se cumpren o ratio que temos asignados os grupos políticos, polo tanto estamos dispostos a un mercado de rebenta e poder traer máis temas ao Pleno, que creo que hai bastantes cousas importantes, unha delas é certo que figuraba no regulamento anterior, pero foi modificado por esta última versión 2.0, polo tanto, sabemos que pouco podemos facer, hai cousas importantes que poden ser recorrentes incluso neste Pleno como é a situación que vive o único río que pasa pola trama urbana que é o río Lagares, e digo que importante porque nos últimos anos téñense feito actuacións a todas luces arbitrarias, para nós que medio ambientalmente son moi discutibles e unha delas é a que se vai inaugurar mañá, que é unha suposta senda fluvial, anunciada no seu día no ano 2009, anunciada

curiosamente como unha actuación municipal polo Concello de Vigo pero feita finalmente por unha comunidade de montes que xa hai moito tempo que este grupo municipal sospeita que máis que Comunidade montes, funciona en réxime de empresa urbanística e falo da Comunidade de Montes de Cabral que decidiu apuntarse ese anuncio do Concello, facendo eles a obra do sendeiro do Lagares, no tramo da súa parroquia afortunadamente pero transcorrendo por moitos terreos que nin sequera os seus donos foron informados de que se ía facer esa actuación. En primeiro lugar, para nós isto vai circunscrito a un abandono do río que significa durante moitos anos o anuncio de diferentes actuacións no plan de rexeneración do corredor natural do río Lagares xa perdido no tempo, que intentaba recuperar o caudal ecolóxico e evitar determinadas actuacións que tanto empresas como particulares estaban facendo en todo o canle do río, polo tanto, nós, esta moción o que pretendemos é poñer enriba da mesa outra vez o abandono dun río que podería ser un reclamo turístico pero tamén un reclamo ecolóxico natural da nosa cidade e sobre todo determinadas actuacións que se están facendo, lembremos que esta obra foi paralizada porque se fixo sen permiso de Augas de Galicia e deste Concello e afortunadamente foi paralizada e posteriormente curiosamente, o calor da anulación do Plan Xeral que polo tanto entraba o do 93 que estaba aí recollido ese plan de rexeneración, pois volvese a reactivar en tempo recente e se pretende inaugurar mañá ese tramo. Cales son as cuestións que a nós nos preocupan? En primeiro lugar, que non exista un plan integral para o río Lagares, e iso que significa? Que unha comunidade de montes pode decidir facer un paseo, que unha asociación de propietarios, por exemplo no Polígono de Miraflores poden facer unha actuación, de feito aprobada, completamente diferente e que ao final ao longo do tramo teñamos catro ou cinco actuacións en teoría de rexeneración do río completamente diferentes. Nós vimos as obras que incumprían calquera criterio ambiental, como por exemplo que a maquinaria estivera metida no leito do río, cando o propio informe técnico dicía que a maquinaria en todo caso tería que estar en Pontón unha plataforma e nunca no leito do río, que se modificou o leito do río, que se modificaron importantes zonas do río de importante valor ambiental e que finalmente se anuncia e se inaugura mañá nunha inauguración que este grupo municipal por suposto que non vai asistir porque seguimos discrepando, non só desta actuación senón doutras moitas que fai esta comunidade de montes, entre

elas converterse no maior defensor da maior desfeita da nosa masa forestal que podería ter sido o ámbito de liña de Liñeiros con máis de 300.000 metros cadrados de masa forestal que quedarían liquidadas pola actuación subordinada aos intereses especulativos dunha comunidade de montes. Polo tanto, nós queremos que se faga por fin un plan integral de recuperación do río, que por fin ese plan e se vai existir unha senda verde, sexa ao longo de todo o trazado e que se faga unha avaliación de como están determinados tramos que xa literalmente os peches das casas caen directamente no leito do río e pedimos que por fin este Pleno asuma unha herdanza histórica que temos cun río que ten un valor patrimonial etnográfico tamén importante e que cada ano, seguramente, recorrente, hai incluso vertidos, noticias en materia de problemas ambientais no río e que por fin saibamos actuar como corresponde a un Concello que ten sensibilidade ambiental e que se preocupa polo seu patrimonio tamén hídrico.

SR. GAGO BUGARÍN: Historicamente moitas cidades se foron xerando, constituíronse en torno ao río que transcorre por elas, a cidade de Vigo ten a inmensa fortuna de ter un río urbano, a parte de ter a ría máis bonita do mundo, que transcorre por 17 quilómetros que nace en Vigo e que desemboca en Vigo, pero hai unha importante diferenza e que este goberno municipal ten practicamente o río abandonado, o río Lagares non é un atributo significativo desta cidade dende o punto de vista turístico nin desde o punto de vista medio ambiental. Algo similar xa temos denunciado nós, sen ir máis lonxe no último Pleno, co mantemento da posta en valor da muralla en Vigo, calquera cidade do mundo sacaría peito pola súa muralla, sería un referente ineludible da cidade sen embargo nesta cidade, na cidade de Vigo, temos con este goberno municipal xa temos dito cal é a situación e que temos presente e ensinamos ao mundo un bochornoso anaco da muralla no centro da cidade, terá que ser unha muller e terá que ser un goberno do Partido Popular quen adecente e quen poña en valor a nosa muralla.

Por iso nos chama a atención Sr. Pérez Correa que vostede sexa tan benévolo co goberno municipal que leva 9 anos gobernando na cidade e nesta área non moveron nin un dedo, no fixeron absolutamente nada polo río Lagares. Son moitas as ocasións nas que o Alcalde da cidade falou do río Lagares, sempre en campaña

pero logo os vigueses/as non vemos nada, cero, a última ocasión hai pouco máis dun mes, concretamente o 8 de novembro de 2016, o Alcalde e a Tenente de Alcalde da cidade anunciaron a dotación de 50.000 euros para executar, antes de fin de ano, nos tres sendeiros azuis da cidade, concretamente se anunciaron accións de promoción turística, medio ambiental, traballos de sinalización, consolidación de infraestruturas e instalación de novo mobiliario que deberán estar rematadas e feitas antes do 31 de decembro, quedan 4 días e non houbo nin unha soa actuación no río Lagares, onde están investidos eses cartos? É unha boa pregunta, unha mentira máis, un globo sonda deste goberno pero que logo realmente non fai nada.

Permítanme que recupere a elocuente frase do Alcalde dese día cando se anuncio o acordo que dixo que “se sentía encantado cos investimentos infinitos, permanentes, continuas e constantes da Deputación de Pontevedra co Concello de Vigo” e non fixeron nada, un globo sonda, un anuncio, cero actuacións.

Tamén nos chama a atención que en febreiro deste ano solicitaron á Xunta de Galicia a cesión de competencias non canle do río e sen embargo eliminan os mecanismos de control medio ambientais desta cidade, co peche practicamente do laboratorio municipal, solicitan as competencias e despois non queren facer controis, miúda tranquilidade, tampouco lle queren ao río Lagares e miúda tranquilidade tamén para os vigueses/as que agora están a beber a auga das fontes públicas, preto de 400 augas públicas que hai na cidade de Vigo e non teñen controis medio ambientais porque o laboratorio está pechado, esa é garantía da calidade medio ambiental e sanitaria do goberno municipal, pero é certo que estamos de acordo no fondo e na proposta do colectivo Lagares Vivo, que levan anos loitando pola mellora e conservación do entorno do río Lagares e que esta proposta o que aquí presenta a Marea de Vigo é exactamente o que eles reclaman e que se pode ver na súa páxina web.

O río Lagares precisa un proxecto integral, iso é indubidable, que englobe os 17 quilómetros, non pode ser que fagamos unha actuación concreta para 5 quilómetros e fagamos outra distinta no polígono Miraflores e ao final vaiamos facendo parches, son 17 quilómetros e un río urbano e polo tanto, o lóxico, o coherente e o que faremos nós cando esteamos no goberno será un proxecto integral, que englobe dende o nacemento do río ata a desembocadura, non ten

ningún sentido facer actuacións puntuais, por suposto que a Xunta de Galicia puxo un mecanismo interesante, indispensable como é poder declarar este espacio como natural de interese local, levamos dende o ano 2005 con este Decreto aprobado a cidade de Vigo non conta con ningún espacio natural de interese local, esta é a actuación que ten o goberno municipal, estará orgullosa de que o río Lagares non sexa declarado espacio natural.

En definitiva, o que nós vimos aquí a anunciar, en primeiro lugar é que estamos de acordo coa proposta de Marea de Vigo, en segundo lugar, que estamos de acordo coa iniciativa que xorde do colectivo Lagares Vivo, e en terceiro lugar cando nós estamos no goberno dende logo faremos un proxecto integral que arrombe, manteña e conserve o río Lagares.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade Sr. Gago non me sorprende o descoñecemento que teñen da cidade, eu estaba aquí no teléfono buscando, este é o río Lagares, este son eu o que vai na bici e este é o río Lagares, hai que ir polos sitios, a verdade é que me deu vostede unha oportunidade, doulle as gracias ao Partido Popular por a elección que fixo non seu procedemento interno, doulle as gracias a vostedes por darme esta oportunidade, vostede di a Deputación de Pontevedra fixo un convenio coas sendas azuis e non fai nada, claro pero eu dígolle ao saír deste Pleno cos medios de comunicación lle convido a que suba comigo no coche e imos ver as actuacións que está a facer a Deputación de Pontevedra en Vigo, antes non, pero ese tempo é pasado, agora si, agora estamos a actuar no río de Lagares, ao saír de aquí imos xuntos e vostede di que non e eu digo si, mirámolo, tocámolo.

A verdade é que é moi sinxelo o que vostedes me propoñen, o grupo Socialista, o grupo do goberno non vemos esta moción porque é unha moción pouco ambiciosa, nós somos un pouco máis ambiciosos neste senso e cremos que a importancia do río Lagares co cal queremos nun gran plan integral para estes 17 quilómetros de vida, de singularidade, un río que nace en Vigo, transcorre por Vigo e a súa desembocadura tamén é en Vigo.

Nós temos un plan integral que contempla a totalidade do río, non dicir, imos actuar en Lavadores e non imos actuar na zona de Castrelos o noso é un Plan integral e así llo fixo saber o Alcalde á Xunta de Galicia, o abandono como vostedes

saben, señores de Marea de Vigo, a competencia dos ríos é da Xunta de Galicia a través de Augas de Galicia, o Alcalde pediulle a competencia a Augas de Galicia para xestionar dende o Concello o río, somos unha das poucas cidades, por non dicir a única de Galicia, que temos a xestión integral da auga, xestionamos dende Vigo, desde os embalses ata a depuradora, a potabilizadora, a rede de saneamento, a de abastecemento e a rede de pluviais que no ano 2007, cando chegamos a esta cidade non existía, por iso demostrada a nosa capacidade e a nosa vontade polo medio ambiente e por esta cidade pedímoslle tamén, o Alcalde pediulle á Xunta de Galicia que nos transfira esta competencia porque hai subvencións importantes en Europa que nestes momentos no podemos acceder a elas, é dicir, como temos eses 18 millóns no Eduxi para a rehabilitación nun Vigo horizontal, seguramente se fose competencia nosa pois teríamos fondos europeos por iso llos pedimos á Xunta de Galicia xa que a Xunta nos o pide e nos inviste en Vigo pois os pediríamos para poder facer esta gran actuación que nós propoñemos para a cidade.

Porque nós non cremos que teña que afectar a un sector, nós cremos que ten que afectar á fauna, á flora, ao canle, á economía, a importancia que ten a economía para nós, pero a economía non seu sentido transversal, non só a economía como un proxecto medio ambiental que tamén, senón tamén que este río ten que convivir cunha cidade industrial como é Vigo e que as industrias que nestes momentos están preto deste río.

No ano 2014, este goberno mandáballo á Xunta de Galicia un escrito solicitando a actuación sobre o río Lagares, unha actuación transversal, porque a falla de actuación no canle do río Lagares fai que tódolos anos teñamos inundacións no camiño de Caramuxo, no ano 2016, o 23 de decembro, hai uns días volvíamos reiterarlle este goberno á Xunta de Galicia que actúe sobre a canle do río Lagares porque é importante non só isto, no ano 2014 ante a falla de resposta quixemos facer un proxecto que temos aquí, redactado que cando queiran temos á vosa disposición como non pode ser doutra forma pasado por Xunta de Goberno co cal xa é dispoñible pero facilitámolo se o necesitan porque cremos que a actuación teñen que ser firmes, reais e urxentes.

Gustaríanos poder ter acordado seguramente esta moción sen traela ao Pleno e seguramente polo que dicíamos antes, porque tiña que ser unha solicitude de

transferencia ao Concello de Vigo, de poder optar a fondos Europeos que neste momentos están a quedar sen utilizar, unha actuación que fora na totalidade do seu río e que fora á altura desta cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Un río que leva séculos atravesando a cidade está claro que hai irresponsabilidades compartidas no tempo, algunhas serán deste goberno, está claro que outras son de goberno anteriores, pero nós imos a cinguirnos ao que queremos transmitir con esta moción, é radicalmente falso outra vez a pertinaz competencia para actuar ou non unha administración e temos exemplos en Galicia de administracións que actúan sobre ríos que pasan pola seu termo municipal e non pasa absolutamente nada, estou a falar do Sarela en Santiago de Compostela, estou a falar do río Barbaña en Ourense, de diversos tramos do río Miño incluso pasando por concellos actúan, eu creo que non é unha cuestión exclusivamente de competencias, si obviamente ten que haber un acordo, e obviamente Augas de Galicia ten que permitilo pero así como a Comunidade de Montes de Cabral pide a Augas de Galicia e Augas de Galicia llo permite, piden o Concello de Vigo e llo permite, o Concello de Vigo lle pode pedir a Augas de Galicia e automaticamente presentar ese proxecto, que por certo moitos colectivos medio ambientais levan anos pedindo, saber cal é ese plan de rexeneración do corredor natural e ter acceso a el e polo menos saber se realmente ten algún tipo máis alá de que naquel momento se metía na Rede Natura e funcionaba moi ben á hora de presentalo dentro de proxectos europeos pero logo moitos anos despois queda sen executar e polo tanto, as actuacións dentro do marco da competencia do Concello de Vigo sería perfecto presentar a Augas de Galicia un proxecto concreto porque senón non entendemos, dende logo, non é a ambición o Concello de Vigo cando no ano 2009 anuncia que se vai facer esa actuación e á altura do ano 2016 quen está a facer esa actuación é unha comunidade de montes que nós non estaríamos en contra de que as comunidades de montes a súa función unha parte substancial é esa, pero polas actuacións históricas e presentes desta comunidade de montes a poñemos en solfa, porque estivo paralizada a obra, porque xa ten moitas denuncias de veciñas/os a poñemos en solfa e entre outras cousas porque é unha actuación que non posou por unha asemblea de comeneiros que debería de ser preceptivo que polo tanto, poñemos en solfa cada unha das actuacións que esta comunidade de

montes e o seu presidente pon enriba da mesa e como queremos que sexa o Concello e non a comunidade de montes pedimos que ese plan o faga o Concello de Vigo, lle pida ou presente a Augas de Galicia, á Xunta de Galicia, un proxecto e que se poida facer en tódolos quilómetros do percorrido do río.

PRESIDENCIA: Eu quería antes de pasar á votación aclarar algunha cuestión porque é de suma relevancia porque nos Plenos a xente ten dereito a coñecer a verdade, e aquí se teñen dito cousas que significan un profundo descoñecemento, xa pasou no Pleno anterior cunha moción sobre patrimonio, que logo houbo que recoñecer que o que dicía a concelleira de Patrimonio Histórico que presidía o Pleno era o que estaba no certo e hoxe aconteceu o mesmo, sorpréndeme porque o Partido Popular deste Concello que está hoxe no Pleno, ten dous deputados provinciais que deberían saber o que acontece na Deputación de Pontevedra porque é a súa obriga. Na provincia de Pontevedra temos o maior número de sendeiros azuis de toda España, por primeira vez na historia da Deputación se teñen posto recursos para que eses sendeiros azuis estean en óptimas condicións porque significan algo que nos referencia. Eu asinei hai catro meses co Concello de Baiona un convenio para que tamén se puxeran en condicións o seu sendeiro azul, como procedemento administrativo que quero lembrar que o aproba o goberno de España e a Xunta de Galicia é tal complexa, tan tedioso, terrible, precisa de tantos informes vinculantes de tantas administracións saltándose a autonomía municipal, os concellos que teñen asinado estes convenios non puideron desenvolver as obras, o primeiro que me pediu como presidenta da Deputación, que ampliara o prazo para desenvolver as obras, foi o Concello de Baiona, gobernado polo Partido Popular, eu son unha presidenta sensata, que escoita e creo que tiña a razón o Alcalde de Baiona e polo tanto, se ten ampliado o prazo para a construción das obras para tódolos concellos que teñen sendeiros azuis, que son de tódalas cores políticas, polo tanto, Sr. Gago sería bo que antes de que vostede fixera afirmacións, pois coñecera estas cuestións, e tamén quero dicir outra cousa porque me parece tamén que é moi relevante e que a cidadanía o saiba, quen ten competencias exclusivas no tratamento dos canles é Augas de Galicia que ten que ter recursos económicos para tódolos ríos da nosa comunidade, é vergoñento como están as canles dos nosos ríos, e voulles poñer un exemplo, Caldas de Reis quixeron e presentaron

unha proposta para que lles permitira actuar no seu canle, sabe cal foi a resposta de Augas de Galicia, da Xunta de Galicia? Enviar alí á xente para impedirlle poñer multas a ese Concello. Polo tanto, eu tamén creo que sería moi intelixente que lle esixíramos a aqueles que teñen competencias, que adiquen recursos e que cumpran coas súas obrigas porque senón o que estamos a facer é que recursos que non temos que adicar a cuestións que son competencias doutros, non se poda adicar ao que realmente son as nosas competencias, e ademais co feito de que se poñen sancións é graves, dígoo para que conste porque é interesante que teñamos toda a información.

(No momento da votación preside a 1ª Tenente de Alcalde)

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 20.12.2016 (Rex. Nº 1474/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(214).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A REALIZACIÓN DUNHA AUDITORÍA DAS CONTAS DE VITRASA

QUE PERMITA COÑECER A SITUACIÓN REAL DAS CONTAS DA EMPRESA E OS CARTOS PREVISTOS PARA FACER EFECTIVA A POSTA EN MARCHA DO TRANSPORTE METROPOLITANO. REXISTRO PLENO 1484/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2016, número 1484/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Fai xa 6 meses o alcalde de Vigo, Abel Caballero, comprometía coa súa firma a entrada da nosa cidade no Transporte Metropolitano. Unha condición *sine qua non* para a constitución da Área Metropolitana, tanta tempo agardada e esperada por todos os veciños, e cuxa lei foi aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia na última lexislatura.

Cómpre lembrar que dita firma chegaba cun ano e medio de retraso, tempo durante o que o propio alcalde afirmara que o convenio que se lle propuña para a súa firma era ilegal. Finalmente, e tras todos eses meses de espera que só prexudicaron aos vigueses como usuarios do mencionado transporte, o rexedor asinaba exactamente o mesmo texto que calificara de ilegal.

Sen embargo, o que semellaba o punto e final dun conflito estéril, que lle impide aos vigueses beneficiarse de aforros de ata 1.000 euros anuais nos seus desprazamentos, non foi senón un punto e seguido. A día de hoxe, medio ano despois daquela sinatura, o alcalde de Vigo segue sen facer efectiva a incorporación da cidade ao Plan de Transporte Metropolitano, o que non só supón o mencionado claro prexuízo aos nosos veciños, senón que impide, por imperativo legal, a posta en marcha efectiva da Área Metropolitana.

Ante este escenario, temos escoitado todo tipo de escusas e culpables tratando de xustificar a estraña actitude e a falta de palabra do alcalde de Vigo. Neste sentido, cómpre cuestionarse sobre os motivos reais tanto do goberno municipal como da concesionaria de transporte municipal, Vitrasa, para non poñer en marcha este servizo.

Non en van, dentro de pouco finaliza a actual concesión, motivo polo que a este grupo municipal lle gustaría coñecer as contas da empresa de cara a clarexar que parte das mesmas está prevista para garantir o correcto funcionamento do transporte metropolitano na nosa cidade.

Así, por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

Instar ao Goberno local a realización dunha auditoría das contas de Vitrasa que permita:

a.Coñecer a situación real das contas da empresa;

b.E o diñeiro previsto para facer realmente efectiva a posta en marcha do transporte metropolitano.”

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: No mes de xullo, fai xa seis meses o Alcalde de Vigo e fillo adoptivo de A Coruña por potenciar o Aeroporto de Alvedro, comprometía coa súa sinatura a entrada da nosa cidade no Transporte Metropolitano, unha condición segundo di o informe do Concello Consultivo do 30, de novembro, unha condición “sine qua non” para o establecemento da Área Metropolitana tan esperada por tódolos residentes da área e cuxo proxecto foi aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia. Hai que lembrar que esta sinatura do Alcalde chegou cun ano e medio de atraso porque o Plan de Transporte Metropolitano de Vigo é unha iniciativa que funciona e funciona ben en 12 concellos da área de Vigo dende primeiros de maio do 2015. Durante este ano e medio o propio Alcalde chegou a dicir que dito acordo era ilegal, finalmente e tras todos estes meses de espera que só prexudicaron aos usuarios vigueses o Alcalde asinou exactamente o mesmo texto que antes cualificaba de ilegal, sen embargo o que parecía o punto final dun conflito estéril que lle impide aos vigueses beneficiarse dun aforro de ata mil euros ao ano nos seus desprazamentos non foi máis que un punto e seguido. A día de hoxe, medio ano despois daquela sinatura, o Alcalde de Vigo segue sen facer efectiva a incorporación da cidade ao Plan de Transporte Metropolitano, o que non só supón un dano evidente para os vigueses senón que ademais impide a efectiva posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo, tal e como di a Disposición Adicional 11º da Lei 14/2016, de 27 de xullo. Ante este escenario escoitamos todo tipo de escusas e culpables tratando de xustificar a falla de palabra do Alcalde de Vigo, mentiras e máis mentiras, a última onte a través dun artigo titulado “Feijóo engana a Vigo co Transporte Metropolitano”, nada menos, vergoñento, lamentable, quen é o que está enganando a Vigo, o Sr. Abel Caballero, quen é o que lle está

mentindo a Vigo, o Sr. Abel Caballero, quen é o que está manipulando a información para os vigueses, o Sr. Abel Caballero.

Eu non sei se a semana pasada cando o Alcalde foi A Coruña, lle preguntou ou non lle preguntou ao Alcalde da Marea, ese que di que é unha calamidade, que convenio asinou A Coruña para ter un transporte metropolitano que funcione, eu non sei se foi ver un cadro ou foi a dicirlle lindezas como “aprendín tanto do Sr. Vázquez que agora son mellor Alcalde que el” ou, “eu fun moi bo ministro, seguramente o mellor ministro de transporte que houbo nunca neste país”, non debería ser tan bo porque durou dous anos e veuse a dar clases a primeiro de económicas. Como chiste todo isto vale, pero o malo é que estas cousas o Alcalde creas e a realidade é que a partires da semana que ven o billete de autobús sobe a 1,33 euros e o bono ordinario sobe a 0,87 euros, ou sexa, sobe un 1,16%, e este é un sistema de pago que utilizan case tres de cada catro usuarios, menos mal que estamos nunha cidade coas contas saneadas, pero pagamos o autobús máis caro de Galicia, a auga máis cara de Galicia, pagamos a contribución máis cara de Galicia, pagamos os impostos máis caros de Galicia.

PRESIDENCIA: Deixen que fale quen ten o uso da palabra, xa lle contestarán.

SR. FIDALGO IGLESIAS: O billete de Vitrasa subiu máis dun 30% dende que o Sr. Abel Caballero é Alcalde, por iso traemos aquí esta moción para saber que é o que está a pasar con Vitrasa, unha empresa que ten a concesión do transporte urbano de Vigo pero que non está dando un servizo como maioría dos vigueses necesita, queremos saber por que castiga ás parroquias cunha estrutura de liñas e frecuencias obsoletas, que pasou con aquela promesa de frecuencias cada cinco minutos no centro e cada quince minutos nas parroquias, que pasou coas lanzadeiras de Peinador, que pasa cos veciños de Teis porque non teñen un autobús directo ao hospital Álvaro Cunqueiro e por iso traemos esta moción aquí para facer unha auditoría das contas de Vitrasa no Concello de Vigo.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Dende este grupo municipal imos centrarnos principalmente nos acordos que contén esta moción, a auditoría ás concesionarias deste Concello non só é desexable senón que é imprescindible, neste caso do que

falamos o final da concesión non está moi lonxe e terá lugar no ano 2019, precisamos evidentemente coñecer o estado de contas do servizo de transporte en Vigo, precisamos saber os beneficios que opten cada o Consorcio Privado Avanza e consideramos imprescindible que estes datos sexan feitos públicos co fin de que a cidadanía teña datos obxectivos sobre un servizo no que usan cartos que saen do peto de todas/os cidadás, con estes datos podemos facer un debate colectivo sobre as posibilidades de como queremos continuar prestando o servizo e desexo deste grupo o estudo con seriedade da posibilidade de remunicipalización, é agora cando temos que empezar a traballar neste aspecto, é o momento dunha auditoría económica, é momento dun estudo xurídico por parte deste Concello que ditos pasos a seguir para manter os postos de traballo actuais e manter o servizo, ampliálo e melloralo.

A marxe de beneficios que actualmente queda en mans privadas debe ser usado como cartos de todas que son, en beneficio das clases populares que son ao fin e ao cabo as que usan o servizo público privatizado mediante concesión a Vitrasa.

Clases populares que por suposto inclúen as traballadoras/es da concesionaria. No Consello Sectorial de Transportes xa se fixo mención ás condicións destas persoas e indicouse que para a aplicación do convenio da empresa é necesaria a modificación do prego, para estudar esas modificacións, ben sexa do prego de condicións, ben sexa mediante a xestión directa deste Concello, é necesaria a auditoría.

En outubro de 2014, este Pleno por unanimidade aprobaba unha moción do Bloque Nacionalista Galego para a creación dunha tarxeta para persoas en situación de desemprego de longa duración, naquel momento o Sr. Font anunciaba antes da votación que esta medida estaba supeditada a que tivera encaixe nos orzamentos, 24 horas despois non sabemos se cun estudio económico social ou facendo contas un chisco ao azar, o goberno xa anunciaba que non era asumible, a Sra. Marra a este respecto no Consello Sectorial de Transporte do pasado día 21 cando se falou deste tema, expresou que se estudaría esta proposta que volveu saír nese órgano, tomámoslle pois a palabra, e para ese estudo supoñemos que unha auditoría económica da empresa será un paso necesario, a maiores de outros que se teñan que dar.

Pois ben, con esta auditoría que se pide saberemos cal é a marxe que podería ter este Concello para que os beneficios privados poderán ser convertidos en melloras

sociais, e quen sabe ata é posible que cumpramos o compromiso que esta institución adquiriu naquel momento e se non é posible, que formulemos melloras para os colectivos sociais con máis necesidades, que por certo non van a diminuír nin na sociedade, nin Galicia, nin no Estado. As auditorías ás concesionarias, cando non é posible recuperar o servizo para o público inmediatamente, son unha petición razoable e politicamente necesaria e dende logo non pode ser algo que se pida só cando toca ser oposición, senón que teñen que ser praxis imprescindibles e temos que dar igual a posición que toca ocupar neste Pleno ou en calquera outra administración.

Imos votar favorablemente aos acordos desta moción así como votaríamos a favor de calquera proposta, independentemente de onde veña, para fiscalizar as contas e as actuacións de calquera concesionaria.

Brevemente e ao fío, non tanto dos acordos senón da argumentación desta moción, non é asunto menor que ven sexa nun cambio de prego ou no estudo dunha xestión directa dende este Concello do servizo de transporte, enriba da mesa ten que estar necesariamente a integración de Vitrasa no Transporte Metropolitano, cuestión sobre a cal o Partido Popular presenta mocións en toda canta a administración hai, pero non entendemos moi ben como non estamos hoxe aquí debatendo sobre ese asunto con toda a claridade. Nós pedimos que se deixe xa de mesturar interesadamente o transporte urbano de Vigo e transporte metropolitano da área, nas conversas entre as alcaldías previas á aprobación da Lei tratáronse os dous temas de maneira diferenciada e os debates son diferentes, independentemente de que a Marea de Vigo, e fallaría máis, discrepe absolutamente do modelo de transporte privatizado que sufrimos na nosa cidade, a cuestión do debate metropolitano debe debaterse no órgano correspondente, e por isto que non entendemos o motivo polo cal póñense inconvenientes á constitución da Área Metropolitana. Esta paralización significa seguir na mesma situación na que levamos dende hai anos, e que prexudica a tódolos concellos da área, xa que Vigo, segundo unha versión da Xunta de Galicia e dalgúns concellos, incumpre o Convenio, utilicen xa o instrumento previsto polo propio convenio, Tribunal Contencioso-administrativo, e mentres tanto constituamos a Área Metropolitana e démoslle para adiante á interpretación aceptada por este goberno municipal para entrar xa no transporte metropolitana e que as/os cidadás da Área Metropolitana

poidan beneficiarse cando menos en parte do transporte metropolitano, e que nas futuras xestións do ano ano 2019, para o cambio de convenio ou xestión directa, a Área Metropolitana sexa xa unha realidade tanxible que estea enriba da mesa.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Fidalgo, vostede como chistoso e monologuista non se gañaba a vida nin de broma. O Sr. Abel Caballero aprendeu do Sr. Vázquez como Alcalde, é certo, pero vostede aprendeu do Sr. Gil para ser concelleiro, esa é pequena diferenza, porque se parece moito ao Sr. Gil, o problema non é que do Sr. Abel Caballero non diga el que é o mellor ministro senón que o di a xente, o problema non é que diga el que é o mellor alcalde senón que o din os cidadás e dio o 52%, polo tanto, nun tema tan serio facer chistes como estes a verdade é que hai frases populares que se axustan perfectamente e voullas dicir, non chegan vostedes politicamente ao Sr. Abel Caballero nin á altura do betún.

Vou directamente á moción, cando se fala de auditoría dende o Partido Popular votámonos a tremer porque todos nos lembramos da auditoría de KPMG na que se gastou un millón de euros, na que o seu voceiro era interventora, na que aínda estamos sen coñecer o resultado. Esta é unha moción moi difícil de entender porque se misturan determinadas cuestións, transporte metropolitano, cartos de Vitrasa e demais, pero sabe cal é o problema? Que toda esta moción é para non falar da Área Metropolitana, e para non falar da posición que o Partido Popular ten sobre a Área Metropolitana, aquí o que hai que dicir é que o Partido Popular traizoou aos vigueses e aos cidadás da Área Metropolitana de Vigo, é o Partido Popular, seguindo indicacións do Sr. Nuñez Feijóo e do Sr. Rueda, o que está impedindo que a Área Metropolitana se poña en funcionamento, e tamén do Transporte Metropolitano e todo o que implica. Porque eu lle lembro que Vigo ten asinado un convenio que é unha das poucas afirmacións que se fan na súa moción, que se axusta á realidade, Vigo asinou un convenio e o cumprirá como tódolos convenios que asina e se o Partido Popular ten outra interpretación distinta sobre o convenio, o que ten que facer é como sempre, dirimilas onde proceda. O que pasa é que detrás disto o único que está é ese obxectivo de rebentar a Área Metropolitana e isto é o que a vostedes lles preocupa.

Dunha vez por todas e o dixemos millóns de veces, o Concello de Vigo non transfire nin un só euro a Vitrasa, os 13 millóns que figuran no Orzamento que acabamos de

aprobar son directamente para abonar a diferencia dos cidadás, política social sobre a tarifa xeral esa cantidade é a que vai directamente para os cidadás, e nos falan de auditoría en Vitrasa e eu a verdade é que lamento o seu profundo descoñecemento, se a Vitrasa se lle audita permanentemente, se este goberno foi o que descubriu que Vitrasa tiña que reinvestir o 30% dos seus beneficios, se vostedes non se decataron, se vostedes gobernaron esta cidade e non se decataron de que correspondía o 30%, ou si se decataron e non o fixeron, fíxese se son bo e sempre lle dou o beneficio da dúbida, e é verdade que nin o beneficio da dúbida teñen, tampouco se decataron de que se leva catro anos sen subir a tarifa, e tampouco se decataron que neste tempo foise axustando, é dicir, baixando o prezo de coche quilómetro que forma parte da tarifa de Vitrasa. Aquí o único problema é moi sinxelo, non queren Área Metropolitana e teñen dous traumas políticos, un trauma político é ter perdido a Deputación de Pontevedra, e o outro trauma político que lles causa auténtico sarabullo é ver ao Sr. Abel Caballero como presidente da Área Metropolitana, non son capaces de velo, intentaron de todo, modificaron unha Lei no último minuto, cuestionaron se o Alcalde de Vigo, independentemente de quen sexa, debería de ser o Presidente da Área Metropolitana e agora, boicotean e intentan rebentar a Área Metropolitana, pero non o van conseguir, a Área Metropolitana constituíuse, elixiu presidente, vai ter esta semana Xunta de Goberno e todo aquilo que vostedes tratan de boicotear aos cidadás vaise conseguir dende gobernos lexítimos, a vostedes só lles vale pedirlle lealdade institucional como fixo o Sr. Rajoy, cando apelan a ela para conseguir un goberno, no resto dos casos vostedes non teñen ningunha lealdade institucional.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, hai unha cousa que dixos que ten vostede razón, que isto parecese cada día máis ao Concello de Marbella, do Sr. Gil, e ao Concello de Marbella do Sr. Julián Muñoz, eu non lles desexo que acaben como eles pero ao final tivo que intervir o goberno de España porque había alí demasiado despropósito, así que vostede trouxo a colación do tema o Sr. Gil, pero si que é un sentimento que xa se escoita na rúa que algúns a ver como acaban.

O que pasou aquí, resúmollo, en agosto de 2012 houbo tamén unha constitución dunha área metropolitana, eu estiven alí, foi no edificio do antigo reitorado e constituíuse a Área Metropolitana sen acudir o Partido Socialista, despois de

criticala durante moitos anos, despois de non ter feito nada o Partido Socialista pola Área Metropolitana, lembremos eses catro anos do Sr. Touriño e do Sr. Méndez Romeu que non fixeron absolutamente nada, dixeron que ían facer unha área metropolitana en A Coruña e despois das municipais do 2015 o Alcalde de Vigo reúnese co presidente da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela e deciden poñer en marcha a Área Metropolitana e cambiar a Lei da área metropolitana, alí acordan reformar sobre todo o que era a Xunta de Goberno, póñense en marcha os partidos políticos e iso conclúe con que o verano deste ano por fin antes de que venza a lexislatura se asina a nova Lei da área metropolitana pero co compromiso de que o Alcalde de Vigo ía entrar no transporte metropolitano, dixo e asinou diante de tódolos alcaldes un papel no que dicía que se ía a producir a entrada efectiva no transporte metropolitano antes de incluso, o 1 de xullo, e que non se fiaba de que se o Sr. Feijóo ía ou non aprobar a Lei da área, ao final nin o 1 de xullo, nin o 1 de agosto, nin o 1 de setembro, nin o 1 de outubro, nin o 1 de novembro, nin o 1 de decembro, nin o 1 de xaneiro e por iso o que lle pedimos aquí é que por favor Sr. Alcalde entre xa na Área Metropolitana e no transporte metropolitano.

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.12.2016 (Rex. Nº 1484/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(215).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE APOIO Á FAMILIA E Á NATALIDADE QUE COMPLEMENTE AS MEDIDAS IMPULSADAS DENDE OUTRAS ADMINISTRACIÓNS, NA PROCURA DE FREAR A SANGRÍA DEMOGRÁFICA QUE SOFRE VIGO. REXISTRO PLENO 1489/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2016, número 1489/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O problema demográfico configúrase hoxe en día como unha das principais preocupacións que debe ter presente a cidade de Vigo. Así se deduce, aló menos, dos últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) relativos ao 2016, nos que o noso é o municipio galego que máis poboación perde. De xaneiro de 2015 ao mesmo mes de 2016, Vigo viu diminuída o seu número de habitantes en 1.281 persoas, o que supón regresar a niveis de 2004. Un ritmo de decrecemento que, de manterse, situaría á cidade por debaixo dos 275.000 habitantes no ano 2030. Moi lonxe, que dúbida cabe, do no tan afastado obxectivo dos 300.000 vigueses.

Neste escenario, o Partido Popular ten proposto en numerosas ocasións a posta en marcha dun plan de apoio á familia e á natalidade que sitúe a Vigo como referencia de España e de Galicia neste campo, freando ao mesmo tempo a sangría demográfica que padecemos.

Un plan sustentado en tres medidas concretas encamiñadas a facilitar a formación dun fogar e mellorar as súas condicións de vida. Así, en primeiro lugar, apostamos por unha axuda directa, para os censados en Vigo, de 600 euros anuais durante 3 anos polo nacemento do primeiro fillo. Este apoio duplicaríase para o segundo fillo e seguintes.

En segundo lugar, demandamos unha mellora das bonificacións fiscais para familias numerosas no IBI na taxa do lixo, que pasaría por duplicar os límites de renda establecidos para poder acollerse a elas. E por último, avogamos pola gratuidade do transporte público municipal para os menores de 18 anos.

Todas estas propostas, pese ao escenario demográfico negativo que padecemos, foron rexeitadas polo alcalde de Vigo, alegando que esta non é unha competencia

municipal senón que é un tema que compete exclusivamente á Xunta de Galicia.

Pois ben, máis aló de que o Goberno autonómico xa está a conceder este tipo de apoios a través, por exemplo, da coñecida *Tarxeta Benvida* ou de importantes bonificacións fiscais ás familias, distintos concellos galegos veñen impulsando apoios á natalidade, o que demostra que esta é tamén, que dúbida cabe, unha competencia municipal.

Así, por exemplo, os cheques bebé existentes nestes momentos na provincia de Ourense van desde os 200 euros ata os 2.000, namentres que municipios como Mondoñedo inclúen nos seus orzamentos de 2017 un programa especial de fomento da natalidade con axudas directas ás familias. E sen ir tan lonxe, na propia provincia de Pontevedra, concellos como Cuntis ou A Lama fixaron este ano distintos incentivos por nacemento. Apoios extensibles, tamén, aos gobernos provinciais, como demostra a Deputación de Ourense coa tarxeta ChegOU, que incorpora axudas directas de 300 euros para os nacidos este ano.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

Instar ao alcalde de Vigo, no marco das súas competencias, á posta en marcha dun plan de apoio á familia e á natalidade, que complementa as medidas impulsadas desde outras administracións na procura de frear a sangría demográfica que sofre Vigo.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Hoxe traemos aquí unha moción que trata do que é para nós un dos problemas máis importantes que ten Vigo para os próximos anos, porque realmente o problema demográfico é unha das principais preocupacións que debería ter a nosa cidade, sobre todo cando vemos os datos, ese progresivo declive demográfico que estamos padecendo, estes últimos datos que saíron do Instituto Nacional de Estadística sitúan a Vigo como o municipio galego que máis poboación perde. De xaneiro de 2015 a xaneiro deste ano perdemos 1.281 habitantes, estamos neste momento nesta cidade co nivel de habitantes do ano 2004, un dato realmente preocupante, de seguir con este ritmo de decrecemento estaríamos por debaixo dos 275.000 habitantes no ano 2030, moi afastado polo tanto, dese gran obxectivo de chegar aos 300.000 habitantes. Por iso, con este

escenario poucas cousas deberían ser máis importantes para un goberno municipal que garantira o futuro da nosa cidade, e garantir o futuro da nosa cidade significa polo tanto, tomar medidas concretas para revertir esta tendencia decrecente e continuada.

Unha meta ambiciosa que xa puxemos enriba da mesa e que parece que dende o goberno municipal, espero que agora cando debatamos esta moción esa opinión sexa distinta, parecen que non queren recoller e que non queren atender, porque cando propuxemos que se fagan medidas concretas para apoiar ás familias, á natalidade, dende logo na nosa cidade, a resposta que obtivemos é, por outra banda non nos estraña porque é a habitual, que o faga a Xunta de Galicia, de verdade que esta é a resposta que temos ante un problema de cidade e un problema no que ademais Vigo ten moito máis que dicir que calquera outra cidade de Galicia? Dende logo parécenos que esa resposta primeiro, o que denota é un total descoñecemento de tódalas medidas de apoio que hai dende a administración autonómica á natalidade porque a realidade é que os miles de vigueses que deciden ter fillos só contan co apoio da Xunta de Galicia, porque este goberno municipal de momento non está nin tampouco se lle espera, porque cando teñen problemas para atopar prazas nunha gardería pública teñen o “Bono Concilia” que puxo en funcionamento a Xunta de Galicia, porque tamén teñen o “Bono Coidado” para dar cobertura ás necesidades de axuda no fogar, e porque tamén teñen deducións fiscais para o nacemento do primeiro fillo crecentes, para o segundo e terceiro e porque tamén teñen unha tarxeta de “Benvida” que facilita 100 euros ao mes ás familias que teñan un fillo.

Polo tanto, dende a administración autonómica se tomaron en serio o problema demográfico que temos en Galicia e están tomando medidas, pero esas medidas non son suficientes, hai que complementalas tamén con medidas dende os concellos, concellos que por certo, porque tamén pode ser unha competencia municipal e tamén é obriga dos concellos poñer medidas específicas para fomentar a natalidade a para apoiar ás familias nesta cidade, hai concellos que si o toman en serio e para non saír de Galicia porque hai moitos exemplos en toda España, podemos citar o Concello de Mondoñedo, de A Lama, concellos de Ourense que realmente cren que hai que facer algo máis, que hai que complementar e que hai que sumar máis esforzos de tódalas administracións para atallar un problema tan

importante como ese. Por certo, tamén a Deputación de Ourense, lamento que non estea neste momento presente a Presidenta da Deputación de Pontevedra porque podería tomar nota da medida que se tomou na Deputación de Ourense coa tarxeta “Chegou” para dar axudas directas de 300 euros para os nados neste ano, pero o fácil é lanzar balóns fora, o fácil é criticar á Xunta de Galicia e o difícil é poñerse a traballar, facer un plan concreto e pedirlle á Deputación que colabore pero como a vostedes non lles gusta moito iso de traballar porque están a outras cousas, nós xa lle damos o traballo feito, e por iso presentamos esta proposta de programa “Vigo en Familia”, porque cremos que é necesario facer un plan transversal de apoiar á familia e por iso propuxemos que se apoie con 600 euros anuais durante os tres primeiros anos o nacemento do primeiro fillo, con 1.200 euros se é o segundo e seguintes tamén durante tres anos, tamén propoñemos duplicar o límite de renda para poder acceder ás bonificacións fiscais das familias numerosas que en Vigo se deben contar cos dedos dunha man que cumpren os requisitos que vostedes poñen para ese obxectivo. Tamén queremos un transporte público gratuíto para os menores de 18 anos, en definitiva queremos tomar medidas para un problema grave da cidade, esperemos que se escoite dende o goberno municipal.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Pois nós non imos votar a favor desta moción do Partido Popular porque non nos parece nin adecuada nin xusta, que o Partido Popular lle pida ao goberno de Vigo medidas para estimular o incremento da natalidade, sabendo que o Partido Popular leva gobernando corenta anos na Xunta de Galicia e noutras das súas cidades e que é precisamente o noso país un dos que máis poboación perde no conxunto do Estado, parécenos cando menos temerario.

Para que Sra. Muñoz? Nas condicións nas que estamos quere o Partido Popular que medre a poboación en Vigo, para que as novas criaturas que nazan non teñan posibilidades de futuro? Para que cando cheguen a mocidade teñan que irse traballar fora porque aquí non hai onde, porque o problema da poboación non é que non nazan rapaces, é que marchan para afora, ou pretende o Partido Popular que aumente o número de mozos/as para que sigan sendo explotadas laboralmente como están sendo agora, sen posibilidade de mellorar a súa situación? Sra. Muñoz, vostede de verdade pensa que se unha familia non se decide a ter fillos/as porque atravesamos unha situación económica precaria vai

decidirse a telos porque se lle dea 50 euros ao mes durante tres anos? Sra. Muñoz, con tódolos meus respectos, vostedes non saben o que é vivir pasando apuros económicos. Os procesos natalistas xeralmente dánse cando unha sociedade precisa que aumente a poboación por necesidade de man de obra, por exemplo, porque a cantidade de persoas que acolle esa sociedade non é quen de asumir todo o traballo que se necesita para que se produza o seu desenvolvemento, se o problema fose de demanda porque houbera que cubrir postos de traballo como pasaba en Francia ou Alemaña nas décadas do 60 por exemplo, non habería problema, poderíase incrementar a inmigración como sucedeu alí nesa altura, pero ese non é o caso precisamente, pois en Vigo hai suficientes persoas nas listas do paro como para satisfacer a demanda de emprego na cidade.

Tampouco penso Sra. Muñoz, que a súa preocupación pola baixada da poboación en Vigo ou en Galicia sexa que perdamos a nosa identidade de galegos/as, verdade que non? E se iso fose así onde vostedes gobernan farían outro tipo de políticas en cultura, en lingua, en definitiva en reforzar os valores galegos que nos son propios, non, penso que non vai por aí a súa preocupación.

Por outra banda, a planificación familiar é un dereito fundamental nos países avanzados e algunhas das formas como iso se desenvolve é protexendo a saúde da nai, evitando o risco de embarazos en adolescentes, evitando a alta frecuencia de embarazos, evitar o risco de abortos clandestinos, é curioso como vostedes non se interesan moito por estes temas, será que é un xeito de incrementar a natalidade e abandonando a este tipo de políticas, pois posiblemente sexa así, pero que pena, non lle parece?

Señores/as do Partido Popular, todos/as sabemos que tamén a vostedes, igual que a tódolos partidos que defenden o neoliberalismo o que lles interesa é que haxa máis man de obra para que esta sexa barata e non ter problema á hora de repartir dividendos en moitas das súas empresas, pero nós que non defendemos o neoliberalismo, tamén sabemos que a maior poboación se non cambian as condicións económicas, máis nivel de pobreza, a menor cantidade de fillos máis oportunidades, e a menor poboación máis nivel da cultura. Existe unha definición que di que as políticas demográficas son a expresión máis evidente da capacidade de certas estruturas de poder para facer das persoas o instrumento co que alcanzar obxectivos supraindividuais e nós non estamos dispostos a que se

empregue como instrumento ás persoas para conseguir outras finalidades que non sexan favorecer o nivel de vida das propias persoas, haberá máis ben que inverter o sistema para que pase o contrario, e se poña o benestar das persoas no centro de tales obxectivos.

Señores/as do Partido Popular, onde ten que aumentar a poboación é no rural galego pero non dando caridade para se teña máis fillos/as, senón facendo políticas que favorezan a vida no rural e alí, Sra. Muñoz, onde os seus alcaldes, os alcaldes do Partido Popular que levan décadas gobernando deberían traballar para impedir que as súas poboacións non teñan que marchar, garantan iso dende a Xunta de Galicia e non se preocupen tanto por ter máis man de obra barata para as súas empresas nas cidades.

A Marea de Vigo non está de acordo en promover a natalidade mediante incentivos económicos, dende a Marea de Vigo defenderemos que tódalas persoas que xa existen teñan a posibilidade de ter unha vida digna, e que o sistema lles garanta unhas condicións económicas e laborais que lles permita facer fronte ao nacemento dunha criatura, nós queremos que sexan as persoas libremente as que decidan se as súas condicións de vida son estables para poderen ter unha vida sen grandes dificultades, non os dous ou tres anos seguintes ao nacemento das súas fillas/os, senón como mínimo ata o final da adolescencia destes fillos/as.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sra. Muñoz, vostede hoxe caeu da cama e levou un golpe na cabeza, mire isto, non o digo eu, o no xornal de hoxe, o maior problema que ten Galicia é o demográfico pero creo que o maior problema son vostedes, iso si que xa é grave, lea isto “o 35% dos mozos” porque creo que para ter fillos hai que ter unha determinada idade e non o poden ter primeiro, se non os hai e se vostedes os mandan emigrar, eses que están aquí non teñen ningunha posibilidade de atopar traballo. Dio o INE “O 40% dos traballadores mozos están no paro”, nada máis e nada menos que 202.300 están ocupados e o resto ata 498.800 menores de 35 anos que vostedes teñen completamente abandonados.

As competencias as teñen vostedes, son da Xunta de Galicia e os partidos da oposición téñenlle presentado no Parlamento iniciativas de abondo para que vostedes teñan tomado medidas e que fan? Mira para o outro lado e miran para Vigo, Vigo pertence a Galicia, en Vigo se se están facendo políticas para favorecer o

que vostede están a dicir. Rebaixas fiscais no IBI, 270 euros para familias numerosas, un beneficio fiscal de 270 euros, na taxa de recollida do lixo 85 euros, no impostos de vehículos 66,98%, se vostedes queren favorecer a natalidade o que teñen que facer é crer na igualdade efectiva no traballo para homes e mulleres, teñen vostede que crear políticas de emprego, teñen que cumprir a Lei de igualdade, que promover a conciliación laboral, apoiar a maternidade creando escolas infantís para que as mulleres se poidan incorporar ao mercado laboral, eu cando vin os 600 euros non me podo rir porque estamos a falar de cousas moi serias, pero con 600 euros será que vai ter un fillo o presidente da Xunta de Galicia e necesita 600 euros, porque xa me dirá con 600 euros ao ano o que fai unha familia, porque non lle chega nin para comprar babeiros, non sei o que pensa facer con iso. En Vigo é certo non damos axudas apoios por ter un fillo pero si apoiamos ás familias que teñen fillos, esa é a diferenza, si apoiamos ás familias que teñen fillos e voulle dicir así por riba, axudas extraordinarias ás familias case 2.500.000 euros, 1.890 familias ás que se lle pagou ou o aluguer ou a hipoteca de todo o ano, 749 tarxetas, 670 cheques para pagar a luz ou a auga, alugueiros e hipotecas pagados a 1.890 familias, un programa de infancia e familia que apoia a aquelas familias que non teñen ningún tipo de recursos, incluso os educativos, e de atención que necesitan para integrarse nos colexios e na sociedade, seguro que non o coñece, recursos pedagóxicos, psicolóxicos, material escolar, 800.000 euros por axudas de emerxencia que se están a dar para alimentos, alugueiros, hipotecas, fora das extraordinarias, as extraordinarias son para os que non teñen nada, e estas das que lles estou a falar son para os que teñen algo. Para pagar alimentos especiais que o SERGAS deixa de pagar, que a Xunta de Galicia non lles paga a partires dos seis meses para os bebés ou os rapaces que teñen tolerancia alimentaria, os pagos de medicamentos para persoas que non poden asumir o copago, onde quedaron a gratuidade dos libros de texto? Canto podería aforrar unha familia polo camiño por cada libro de texto, por que dun plumazo borraron todo isto? Ven a falar vostede da gratuidade do transporte, onde está a gratuidade do libro de texto?

Nós, o Concello de Vigo, 1,8 millóns de euros en bolsas de libros e comedor, máis de 300.000 euros en bono taxi, e ademais de todo iso para cada unha das familias pódolle redactar algúns máis, subvencións para comedores sociais, tódolos

comedores sociais menos un deles están subvencionados polo Concello de Vigo, Vida Digna na súa totalidade polo Concello de Vigo, o Comedor da Esperanza na súa totalidade polo Concello de Vigo, AFAN que fai un reparto de alimentos, estou a falar de case 56.000 euros, reparto de alimentos ás familias que o necesitan, un convenio cos Irmáns Misioneiros.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que despois de escoitar á pinza que fan entre o grupo Socialista e o de Marea de Vigo é moi curioso que ao final se parecen moito máis do que queren facer ver, e que son moito máis amigos do que nos queren facer entender a tódolos vigueses.

Sra. López Barreiro, sinceramente despois de escoitala a vostede xa é que un non se caia da cama pola mañá, xa que é nin sequera merece a pena saír da casa, porque neste escenario apocalíptico que nos pintou dende logo é mellor non saír da casa. Escenario apocalíptico que a súa solución é non ter fillos, pois é unha solución extraordinaria Sra. López, creo que debería importala vostede aos gobernos da Marea porque se a solución que vai poñer vostede enriba da mesa é que gobernen as Mareas en tódolos concellos en Galicia e en España pois a verdade é que apaga e ímonos.

Sra. Abelairas, eu creo sinceramente que vostede tivo a necesidade de reivindicarse porque a política social que está a facer o Concello de Vigo é unha política social, sinceramente, lamentable e non o digo eu, dino moitos vigueses que están en situación de necesidade, pero como pode vir vostede aquí a presumir das axudas que se lle dan a AFAN, aos Misioneiros, cando acaban vostedes de tomar as emendas deste grupo municipal pedindo que se subiran esas axudas que teñen vostedes conxeladas dende hai anos e anos e que non queren darlle máis axudas cando as necesidades nesta cidade son cada vez maiores, pero como pode vostede presumir de política social cando somos o concello que menos adica a política social directamente de tódolos concellos de Galicia, si Sra. Abelairas, a pesar dos anuncios publicitarios do Alcalde de Vigo que vexo que por fin me mira e por fin atende ao que lle estou a dicir, custoume todo un Pleno, pero ao final conseguino. Señores do goberno municipal, eu creo que se teñen que poñer as pilas, que teñen que recoñecer a realidade que vive esta cidade a día de hoxe, que as familias en Vigo están moi desatendidas, non sei como se atreve vostede Sra. Abelairas a falar

dos mozos cando son auténticos proscritos para vostedes na política municipal porque non están nin se lles espera, en definitiva, vou acabar porque estamos no Nadal, con espírito do Nadal, e como agora van vir os Reis Magos vou a pedirlles, non que lles traía carbón que é o que se merecen, senón que lles vou pedir que ao goberno municipal lle traian un pouco de talante, algo de sentido común, un pouco de respecto pola oposición e algo de espírito democrático, espero que llo traian os Reis Magos porque é que non gañarán vostede é que gañarán os vigueses.

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Corream adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.12.2016 (Rex. Nº 1489/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

13(216).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO Á PETICIÓN DE XUNTANZA DOS VECIÑOS DA RÚA BUEU COS CONCELLEIROS DE FOMENTO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

SR. JACOME ENRIQUEZ: As veciñas e veciños da rúa Bueu rexistraron unha petición de xuntanza co concelleiro de Fomento e co concelleiro de Participación Cidadá para tratar co goberno local o proxecto de humanización da súa rúa e a conseguinte perda de aparcadoiro en superficie, pregamos celeridade á hora de concretar esta xuntanza.

SR. ALCALDE: Xa está feita unha reunión e se farán todas as que sexan precisas como sempre facemos.

SR. JACOME ENRIQUEZ: Hai unha petición de onte.

SR. ALCALDE: Pois se hai unha petición de onte volveremos a reunirnos con eles outra vez máis, inmediatamente.

14(217).- ROGO FORMULADO POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO ÁS OBRAS DA AVENIDA DA ATLÁNTIDA.

SR. GAGO BUGARIN: Bos días, rogaríalle Sr. Regades que os próximos días se achegue á Av. Atlántida, á altura do bar “Los Espejos” no paso de cebra onde está a rotonda grande, porque a verdade deixaron as obras sen rematar e non hai alcantarillado, cando chove moito a auga sobre por riba da beirarrúa e convertese nun regueiro, falla iluminación nocturna, denuncian os veciños que hai inseguridade pola noite, ocos das árbores, a beirarrúa ten dous metros de ancho e os ocos son de 50 por 50 cm, entón a xente maior tropeza e queixáronse en diferentes ocasións, o cemento está ennegrecido porque non se limpa, en definitiva hai unha zoa da cidade que esta sen acondicionar e achegáronse a nos os veciños e por iso lle facemos esta denuncia e é o compromiso que eu adquirín con eles. Gracias.

SR. ALCALDE: Si é certo que hai unha parte da cidade que está sen acondicionar,

foi a cidade que herdamos e dende que nos estamos xa humanizamos preto de 800 rúas, dende que eu son alcalde, tocaralle á Av. Atlántida como corresponde e quedará magnífica.

15(218).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO Á PETICIÓN DE GRAUTIDADE DA TARXETA PARA OS SEN TEITO .

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Debe ser a terceira vez que o fago pero tendo en conta que veñen os reis magos, eu solicitaría que se lle dera a tarxeta gratuíta aos sen teito para que poidan ir durmir dende a Praza da Princesa ata Teis cando non hai prazas no albergue.

SR. ALCALDE: Cando non hai prazas no albergue se lles envía a outro albergue e ninguén queda sen unha cama para durmir nesta cidade, ningunha noite.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

16(219).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. PIÑEIRO LÓPEZ, RELATIVO Á APERTURA DA SALA DE LECTURA DE NAVIA.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Cando teñen pensado abrir a sala de lectura de Navia?.

SR. ALCALDE: Moi rápido, moi rápido.

17(220).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO

MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO Á LIMPEZA DOS RESTOS DO BOTELLÓN NA PRAZA DE COMPOSTELA.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Bos días, quería preguntar por que na Praza de Compostela non se recollen os restos de botellón ata as once trinta da mañá?

SR. ALCALDE: O que faremos é resolver o problema do botellón como sempre facemos.

18(221).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á NOVA ORDENANZA DE TERRAZAS E OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA.

SR. PEREZ CORREA: Se este goberno está traballando no anuncio que se fixera da nova ordenanza de terrazas e ocupación de vía pública que sería importante.

SR. ALCALDE: Cando esteamos traballando nunha ordenanza o coñecerá cando estea rematada.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e vinte e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.